A NOSA TERRA

PERIODICO GALEGO SEMANAL

Nº. 39 ● DO 24 AO 30 DE NOVEMBRO DE 1.978 ● 30 Pts.

AHI VEN UNHA CONSTITUCION!

As ratas gobernan Santiago
páxina 3

Razóns do «non»
páxina 4

MAESTRO GROBA: do, re, mi, fa, GA...!

en poleiro alleo

POR NON ANDAR A TIROS

Asegún nota recollida por «El Ideal Gallego» do pasado día 10, a Xunta, «ante la convocatoría cívica y solidaria realizada por diversos partidos políticos y centrales sindicales para manifestar, públicamente y sin reservas, la repulsa y la condena al terrorismo», espresa «públicamente su decidido apoyo y solidaridad con dicha convocatoria y pide al pueblo gallego que se sume a los actos convocados, como expresión de condena al terrorismo y del anhelo, generalmente sentido, de convivencia pacífica que permite el desarrollo social, económico y político».

Pois parece que o da Xunta foi un convide sin convidados. Hai quen di que o pobo galego se parou a pensar quen impide o desenrolo social, económico e político; que debeu entender quen era o que facía terrorismo. E quedou na casa.

A «XUNTA» DE CADA DIA

Antonio Rosón, presidente da «Xunta de Galicia», fala pra o periódico madrileño «Diario 16»: «...A lo mejor, aquí, tenemos que dar unos bocinazos» (fala das suas moi respetuosas, e inda así non atendidas, «peticións» ao goberno central; doise desa «ingratitude» porque sin a forza espiritual de Galicia «España no hubiera sido España», e case encirra e advirte «y no nos conocen-».

Pero Rosón, que opina que somos unha comunidade dividida ao cincuenta por cento entre os que «tenemos la suerte» de vivir aquí e os que están fora, opina que nun plebiscito, Santiago sairía capitalidade escolleita,

«pues no en balde Santiago cierra España», adianta que, anque barata, a autonomía vai ser unha cousa que, en troques de dar, vai levar, e, perante o problema dos verquidos nucleares acarón das costas galegas, confesa que, a pesares do peligro prá riqueza piscícola e a poboación nin el nin a Xunta son quen de facer nada, pois é «competencia...que corresponde al Estado».

Triste destino o do sr. Rosón e a sua clase social, unha clase castrada históricamente e posta ao servicio dos amos de Madrid. Clase capaz de raquíticos cabreos, pero non de proiectos políticos válidos siquera pra os seus intereses; que é quen de lear pola capitalidade pero non de solucionar a emigración nin o problema dos verquidos: a burguesía dunha colonia.

DEMOCRACIA «A LA ESPAÑOLA»

Parece que Eladio García Castro, secretario xeral do PTE (Partido del Trabajo de España), anda a decir por ahí que si a Constitución española pendente de aprobación é a máis progresista de Europa, máis progresista que a da Republica, en fin, o colmo de progresismo. Pero ao bo do home viuselle un plumeiro moito máis longo en Zaragoza. No decurso dun mitin, calificou de «poca visión de futuro» o votar negativamente no referéndum, poisque «en el caso hipotético de que se instaurara un gobierno popular, el texto constitucional continuaría siendo válido».

Xa deciamos nós que dos españoles, foran da coor que foran, non había que fiarse. ¿Así é que o «goberno popular español» iba seguir sendo o de «la nación española, una e indivisible»?; ¿así que a soberanía galega iba seguir residindo «en el pueblo español»?... Pois mira que nos fai avío o sr. García Castro co seu goberno!.

PREAUTONOMICO PESISMISMO



No primeiro artículo da serie «Al margen de la autonomía», e que aparece ttitulado «El idioma y sus problemas», o sempre incoherente e ambiguo, e por outra banda estraordinario prosista Don Eduardo Blanco Amor, espón as suas ideas ao respecto, dentro da contradicción na que se move a cotío. Tras dunha introducción na que xa fai alusión á «necesidade ineludible» da lingua metropolitana nas nacións colonizadas, sigue: «Los países descolonizados a lo largo de más de medio siglo... siguieron ligados, ya que no sometidos, a la lengua invasora, y no sólo como instrumentos de relación con el exterior, sino para entenderse entre ellos...Los bilingüismos y diglosias han ido conformando status de convivencia que tienden a una estabilidad de hecho superior a los esquemas de la teoría y a las razones históricas, de base más sentimental que pragmática». Pásalle revista tamén á incoherencia dos Precursores, autores de poesía en galego e prosa en español. «¿Quiere ello significar desamor para la prosa gallega...? Yo creo que lo hacían por necesidad de una más amplia comunicación.

Conclusión: Que «...mucho me temo... que el castellano... tendrá que seguir siendo la «lengua franca», en que estamos **condenados** a entendernos los pueblos de España». Uso que consideraba «inevitable», deixando claro «mi respeto y admiración» polas linguas nativas. Pero «desgraciadamente» -acaba- «las valoraciones estéticas, aún con sus grandes méritos, de poco valen frente al turbión imparable de los factores utilitarios que empuian al hombre actual al delirio enajenante, a la confusión, a la desfiguración y a la final autodestrucción de su espíritu. Pero éste es otro cantar, o mejor dicho, otro llorar».

Contemplar a nosa lingua a base de «valoracións estéticas», é todo o que se pode esperar de quen a compara cos idiomas negros ou amerindios, case todos reliquias arqueolóxicas dun mundo pasado. Como xustificarse nos Precursores, ambiguos como tales, pra afirmar a «convivencia»(!) e a «estabilidade» (!!) entre o galego e o español, pra non querer ver o progresivo despoxo da nosa lingua nacional. Sr Blanco Amor, os que estamos contra do alleamento, a desfiguración e a autodestrucción do home, os que usamos da arroutada e vemos de «catequizar» aos ignorantes involuntarios coa claridade e sin ambigüedades nin renuncias, nin nos pensamos «pueblos de España» nin cremos estar condenados a nada.

XA SOMOS 4000



PRA QUE A NOSA TERRA SEÑA NOSA SUSCRIBASE, COLABORE COA PRENSA GALEGA

POR UN ANO 1.200 PTAS, POR SEIS MESES 650 PTAS. APARTADO 1.031 SANTIAGO

Douscentos mil leiróns habitan Santiago. Unha cidade, unha máis de tantas vilas galegas nesta situación, á que a falla de plans de hixenización e mesmo de urbanización racionais levaron a unha convivencia que, ademais de molesta, atenta contra da saúde dos ciudadanos, pola facilidade con que os leiróns transmiten enfermedades. A AN-PG encetou unha campaña contra das ratas —e en certa medida contra das autoridades municipais que non se privan de deixar as cousas como están— acadando en menos dun mes perto de cinco mil firmas. Un dato elocuente de que o pobo tampouco está pra aturar veciños molestos.

AS RATAS GOBERNAN SANTIAGO

Cando o «ratón Mickey» cumple os cincuenta anos e o gracioso e sorrinte persoaxe de Walt Disney visita a Casa Branca, os rapaciños dalgúns arrabaldos santiagueses déitanse boca abaixo frente ao río Sar ou o Sarela e agardan pacentemente que calquera enorme leirón se coloque diante do punto de mira da sua escopeta de balíns. Pra eles é unha advertición e hastra certo punto unha obriga.

Leiróns que nascen, medran e hastra se pasean tranquilamente polas rúas coa confianza de anos como garantía. Porque parece ser que «quien corresponda» non se preocupa do asunto.

Pasear, ou seinxelamente pasar a carón do Sarela, aló no Carmen de Abaixo, é convivir cos máis grandes e menos simpáticos, ca nolos pintan os «mass media», roedores: miralos ollar clandestinamente, escocellar na basoira, rumiar de seguido pra desgastar o medre constante dos seus dentes e, ao escoitar algunha presencia anormal, saltar nadando olímpicamente cara a outra banda do río.

E a sua vida, a de milleiros de leiróns, nascidos cinco ou seis de cada larada, dunha das catro ou cinco laradas que, nun hábitat tan favorable coma a que nos ocupa, pode chegar a criar cada leirona anualmente.

Roen seguido e inféctano todo. Unha vivenda do Carmen, nunha crecente do Sarela, a auga fixo nadar todo, e home e muller estiveron encamados precisando de atención médica ámbolosdous. Unha infección que puido ser a febre de roedura que provoca un abultamento dos ganglios linfáticos, facendoos moi sensibles e doorosos; ben puido ser a peste, que se transmite pola picadura de pulgas de ratas infestadas, supoñendo arrepíos, febre, náuseas, gómitos e supuración dos ganglios linfáticos (apúntase que non tratándoa é mortal do 60 ao 90 por cento dos casos); ou ben puidera ser o tifus murino, cunha transmisión semellante á peste; ou a Febre Q, trasnmitidas polas carrachas...

E neste caso —coma case sempre— de pouco servía que o



Fusto, aquel cadelo que agora xa vai vello —catorce son moito pra el— uliscara os leiróns e os fixera saír dos buratos onde se escondían, ou que a «parenta» se enchera de mercar e estrar debaixo dos armarios raticidas. Daquela non entraran os leiróns, senón o seu medio ambiente, a auga.

Sí, os venenos eran un remedio, pequecho, pro remedio a fin de contas, como o fora hai moitos anos aquela mistura de fariña de millo e escaiola que tan bon paladar debía facer —comíana nun santiamén— que lles producía sede e os facía estopuar cando a escaiola se secaba na barriga sua. Un remedio pequeno porque «éche moito bicho de Dios». Tanto que hastra os gatos, os mesmos gatos tan astutos e señoriais, se espantan.

Vaise librando deste xeito un pouco unha guerra que é perdida de seguro namentras as basoiras non señan recollidas debidamente e os veciños non teñan que tiralas ao pé do río, un pouco máis enriba da saída da auga da depuradora que maltrata—mal trata—toda a auga das alcantarillas do «pueblo» e case en frente da saída dalgúns tubos de alcantarillado que esquivan o seu paso pola depuradora e un pouco máis abaixo da ponte, ao pé da que encauzan no río as escorredellas dunha rua —a que sube cara o Pedroso— que por mal feita non verque as augas aos colectores subterráneos. E o río, antes de vir a depuradora, estaba limpo. Seguramente terá que agardar a que seña trasladada a perto de Roxos pra volver ver coma nos anos mozos daquela xentè que está segura de que antes non había tantos, pra volver acadar un cheiro a río e non a poceira como o caracteriza hoxe.

Terá que agardar moitas cousas.

Mentras, unha campaña da AN-PG está na rua e a xente bota firmas pra ver de que «quien corresponda» faga algo. Os veciños siguen resistindo, os gatos escapando e os rapaciños tirando pedras e disparando balíns frente a un lexionario veciño: 200.000 leiróns.

A. GALOCHA
M.O. TEO

Edita: Promocións Culturais Galegas, S.A.
Comisión de fundadores: Acosta Beiras, Xoaquín, Fontenla Rodríguez, Xosé Luis, López Gómez, Felipe Senén, Morales Quintana, Xosé Enrique, Varela García, César.
Director: Margarita Ledo Andión.
Redactores e colaboradores: Xosé Ramón Pousa, Xosé López, Antón L. Galocha, Sisto G. Cabana (A Coruña), Lalo González (Ferrol), Paco Arrizado (Lugo), X.A. Carracedo (Ourense), F. Franco, Mario Pousa, Ignacio Briset, Guillermo Pérez (Vigo), Guillermo Campos (Pontevedra), F. Cusí, Emilio Veiga (Barcelona), P. Iparraguirre, L. Auzmendi, A. Amigo (Donostia), María Alonso, L. Celeiro (Madrid), C. Durán, R. Palmás (Londres), Carlos Díaz (Xinebra), A. P. Dasilva (Porto), X. Cambre Mariño (Puerto Rico), E. Ibarzábal, X. A. Gaciño, Moncho Viña.

A NOSA TERRA
PERIODICO GALEGO SEMANAL

Diseño gráfico: Pepe Barro.
Fotografía: Brais, Piño, Fernando Bellas.
Dibuxos: Xulio Maside, Xaquín Marín, Alfonso Sucasas, X. Carlos, Miquel Docampo.
Redacción e Administración: Troia 10, 1.º Santiago. Teléfonos: Redacción 582681 Administración: (De 10 a 14) 582613. Apartado 1.031

Imprenta: «Gráficas Alpima» Travesía de Vigo, 269 Vigo. Dep. Legal C-963-1977.
Distribuie: A Coruña e Pontevedra DISTRIBUIDORA LAS RIAS. Telf.: 209850-54 A Coruña. Bilbao: DISTRIBUIDORA VASCA, teléfono 4231933. Lugo: FOLLAS NOVAS, Telf.: 217685. Ourense: Vda. de LISARDO. Barcelona: F. RAFAEL ARTAL, Telf.: 2433658.

Votar non aos monopolios, non á autonomía caciquil e colonialista, non á entrada no Mercado Común e a OTAN non á crisis do sector pesqueiro, non ao pacto social. Votar non a quen nega a nosa soberanía nacional, votar non a unha Constitución que persigue institucionalizar a dependencia colonial de Galicia, a unha Constitución ambigua e hipócrita incluso no reconocemento das libertades—na realidade, o domicilio pode ser violado, a sindicación é libre pero impídeselle aos funcionarios, permite a folga pero pode declarala ilegal decontado...—

Votar non como única posición activa, eficaz e digna por parte do pobo galego, votar non porque espresará que as clases populares non están dispostas a lexitimar formalmente unha Constitución que non representa os seus intereses...

Estas foron, entre outras, as razóns espostas polas organizacións políticas e sindicais que forman parte do Movemento Nacional Popular Galego (o partido comunista patriótico UPG, o frente interclasista AN-PG, as CC.LL. e a ING) en diferentes actos que se celebraron o pasado día 16 en vilas e cidades de toda Galicia, encetando deste xeito a campaña «VOTEMOS NON» a referida Constitución Española e ao referéndum que se ha celebrar o vindeiro 6 de nadal.

O 16 INICIOUSE A CAMPAÑA DO BN-PG

Razóns do «non»

A xornada do 16, que se anunciara hai duas semás, non puido efectuarse tal e como a prevían as forzas nacionalistas, por canto as Xuntas electorais somente comunicaron a autorización de mitins e concentracións dous días antes, «procedemento que vulnera a normativa legal vixente», asegún espresaría o BN-PG nun comunicado que protestaba pola prohibición das concentracións en toda a provincia de Pontevedra. Inda así, o análise feito polas forzas convocantes é optimista, e suliña que foron milleiros de personas as que acudiron á chamada do Bloque, «a pesares do boicot dos medios de comunicación, da confusión lanzada polos Gobernadores prohibindo os actos que despois autorizaron as Xuntas, e o descuartizamento que se pretende facer do país, impedindo unha xornada nacional», palabras que se refiren ás prohibicións de Pontevedra.

MITINS E CONCENTRACIONS

En Santiago, Coruña e Ourense tiveron lugar concentracións na plaza das Platerías, o «Relleno» e a plaza da Madalena, respectivamente, ás sete e media da tarde, onde os asistentes corearon repetidamente «Non, non, non á Constitución», entre pancartas e bandeiras das organizacións convocantes, concentración que rematarían con mitins nos que interviñeron membros do Comité Central da Unión do Pobo Galego e representantes da AN-PG e máis da ING. En Santiago xúntáronse ao redor de 1.500 personas, 800 na Coruña e 500 en Ourense. O Himno Galego, en cada unha das cidades, pechou estes actos do BN-PG.

Por outra banda, en Pontevedra a xornada centrouse na realización de Asambleas informativas en fábricas de Porriño, Vigo e Tui, en mitins propagandísticos nas saídas de Citroen, ASCON, Barreras, Vulcano e Alvarez, e no reparto de comunicados e papeletas co «Non» en todos os mercados vigueses.

Nalgunhas vilas tamén se realizaron actos nas vísperas da xornada —en Xinzo de Limia e Allariz con 150 personas, no Carballiño con 300—, e o propio xoves, 16, celebráronse mitins en Viveiro, Mondoñedo, Sarria e Monforte, cun cento de asistentes cada ún, en Ares e Barallobre, no Ferrol, en Verín (Ourense) e en Carballo, e Boiro, na Coruña. Compre sinalar, asimesmo, unha concentración en Muros, onde se xuntaron 400 persoas.

As organizacións patrióticas de Euskadi ANV-ESB e EIA, remesaron telegramas pra o inicio da campaña «VOTEMOS NON», igual que a AN-PG de Bilbao e traballadores emigrados naquel País.

A NOSA CONSTITUCION: AS BASES

En Lugo, 300 persoas acudiron a un mitin nos locales da AISS, onde interviñeron o Secretario Xeral, da UPG, Pedro Luaces, quen salientou que ao Goberno lle convén a abstención en Galicia. Lois Diéguez, da Secretaría Colexiada da AN-PG faría un chamamento á unión das clases populares e afirmou «os nacionalistas galegos estamos seguros de que venceremos e teremos a nosa Constitución: as Bases Constitucionales da Nación Galega». Denantes interviñeran Bernando Fernández, do Secretariado Nacional das Comisiós Labregas e Xosé Manuel Díaz, da ING.

Representantes do BN-PG declararían a A NOSA TERRA que a campaña tén un senso inequívoco de concienciación e esplicación activa do que significa a Constitución pra Galicia, e que as forzas patrióticas «non podemos deixarnos calar pola tromba de medios propagandísticos e de todo tipo con que contan os partidarios do Sí, e poderemos demostrar que hai unha gran forza social organizada e unha ampla opinión anticolonial e antimonopolista entre o noso pobo».

«Terrorismo son as crisis en sectores enteiros, os despidos, as regulacións, a emigración». Concentración de Santiago.

F. BELLAS

«Votemos non á crisis da pesca». Concentración da Coruña.

GONZALO

«A Constitución lexitima todo tipo de accións contra os que loitamos pola liberación nacional». Concentración de Santiago.

F. BELLAS

PONTEVEDRA

Esplosión e incendio en Elnosa-Celulosa

O día 15, a media tarde, os veciños de Lourizán eran presa do medo ao escoitaren unha forte esplosión, ollando despavoridos como unha gran nube negra en forma de fungo se erguía sobre do ar durante algún tempo. «Collín tal medo —declaraba unha veciña— que marchei prá carretera a ver si pillaba un coche que me levara lonxe dalí, mentras as casas tremían como se houbera un terremoto, todo se movía ao arredor». Así contaron varios veciños a A NOSA TERRA como aconteceu un novo accidente que non se sabía esactamente onde se producía, se en ELNOSA, ou en CELULOSA de Pontevedra.

Complexo Elnosa-Celulosa: un peligro denunciado arreo prá ecoloxía, prá saúde e prá vida cada vez máis perto.

A noticia, en certa medida, pasou desapercibida, xa que as autoridades e as empresas non facilitaron ningunha información sobre desta esplosión, agachando durante varios días que acontecera hastra que o denunciou ADEGA e un periódico vigués.

Con éste é o cuarto accidente producido no Complexo Elnosa-Celulosa de Pontevedra. O 5 de xulio, en ELNOSA, con morte de dous traballadores por fuga de cloro. O 16 de agosto, con incendio ao parecer provocado pola queima de residuos de ENCE S.A. O 12 de setembro outro incendio no recinto esterior desta fábrica e en moitas ocasións pequenas fugas de cloro que irritan a gorxa dos veciños do lugar ou danan os seus pulmóns, que cursaron denuncias reiteradas á Xefatura de Sanidade e Goberno Civil sen que os escoitaran.

Como xa tén informado este semanario, os camións-cisterna de gas cloro mortal siguen a circular por Pontevedra a calquer hora, a pesares de que hai un acordo prohibitivo da Comisión Provincial Delegada do Goberno de 28 de Xulio de 1978, que establece rutas e horarios prá esportación de cloro de ELNOSA a Portugal, poñendo en grave peligro a vida de milleiros de galegos.

QUE SE CUMPRA A LEXISLACION

Os partidos políticos e o Axuntamento de Pontevedra mantiveron no mes pasado unha serie de xuntanzas protocolarias, onde apenas dous partidos ou entidades políticas, a AN-PG e o PSG, lle iban pedir responsabilidades ao Axuntamento en relación a estas factorías ilegais e representantes dun capitalismo de Estado que está claramente a agredir o medio ambiente galego, destruindo os nosos recursos e poñendo en peligro a vida de moitas persoas.

Nesas xuntanzas partidos-axuntamento, o PSG chegou a afirmar que «Pontevedra era un polvorín que calquer día estoupaba» e a AN-PG esixiu que se cumprira a lexislación coas empresas infractoras e se procedera á sua clausura polo peligro real que representan. Pola sua banda, o PSOE facilitou, con membrete da Xefatura de Sanidade e data do 18 de xulio do 1978, un estudio promediado que vai dende o ano 1974 ao 1978, no que se demostra a grande contaminación da Ría de Pontevedra, con índices elevadísimos de mercurio. Informe que, según ADEGA, se lle negou a esta asociación por prohibición do Gobernador Civil de Pontevedra, a pesares de que o Delegado de Sanidade estaba disposto a dalo a conocer.

ADEGA denunciou tamén que por mor desta grave contaminación que afecta á Ría e á saude dos consumidores dos mariscos que nela se crian, algúns países importadores están a rexeitar o mexilón galego, esixindo que o Instituto Oceanográfico certifique que as partidas non proceden da Ría de Pontevedra.

CADRO DOS INDICES DE CONTAMINACION DENDE 1974

	(1) MERCURIO	(2) SOLIDOS EN SUSPENSION	(3) D.B.O.
1974.	6,76 ppm.	112,64 ppm.	280,17 ppm.
1975.	7,24 ppm.	87,90 ppm.	211, 7 ppm.
1976.	3,43 ppm.	92,74 ppm.	184, 6 ppm.
1977.	8, 3 ppm.	43,53 ppm.	137, 4 ppm.
1978.	10, 3 ppm.	57, 3 ppm.	143, 6 ppm.

(1) O legalmente admitido polo E.E. é 0,5 ppm.
(2) O másimo legalmente autorizado é de 30 ppm.
(3) O másimo legalmente autorizado é de 10 ppm.

crónica política

A NOSA TERRA pensa que esiste efectivamente unha cousa que se chama estrema dereita española, pero coida que, hoxe por hoxe, os monopolios que gobernan no Estado unitario non a necesitan pra nada; esto equival a decir que é pouca cousa e tén pouco poder, a non ser que seña útil subvencionala pra certos mesteres e certas funcións, que podería resultar moi aclaratorio que foran asumidas e protagonizadas directamente por quen as patrocina dende atrás. Nunha palabra, a estrema dereita é algo cando a dereita, ou seña, o imperialismo a utiliza.

¡VEN O COCO!

Na actual situación do Estado español, o imperialismo, a burguesía monopolista española e as institucións con que éstes contan, están moi dacordo e patrocinan a evolución política que estamos a vivir. Por eso é inxenuo que nos queiran embaucar coa posibilidade real dun golpe de Estado, que parez estar preparado somente pra decirlle ao ciudadano medio: si non eres bon, vén o coco!

Ser bon significa sentir anguriadamente a necesidade de votar Sí á Constitución española. Continuamos, pois, con recursos a efectos propagandísticos, baseados, como hastra de agora, en todo menos nas razóns políticas e na libertade, que tanto din defender os orquestadores do novo réxime. A este paso, eiquí vaise ir votar con todo menos con espíritu crítico e libertade. Por si algún inxenuo poidera pensar o contrario, queremos afirmar que os «peligros» da transición do franquismo á anomeada democracia foron xa superados hai tempo dabondo precisamente polos mesmos que, no esencial, trouxeron noutro tempo o vello réxime, despois dunha guerra civil. Señores, eiquí, sin ningunha dúbida, siguen mandando a dereita política de sempre, con novos colaboradores, e os poderes económicos de sempre. A estrema dereita, non fai máis que colaborar con eles e axudarlles a ganar o referéndum...

O ENSINO, PRIMEIRA VICTIMA

Un dos sectores onde xa se empezan a albiscar as consecuencias da filosofía que defeden os redactores do testo constitucional, é no ensino. Efectivamente, o ensino estatal vaise deteriorando cada intre unha migalliña máis, ao tempo que aumentan as subvencións ao ensino privado. Profesores que levan meses sin cobrar, número sobexante de alumnos por aula, falla de dotación de material escolar mínimo, deficiencias abraiantes de escolarización... son a tónica que caracteriza, dunha maneira que parez patrocinada, ao sistema educativo deica hoxe estatal.

Por si esto fose pouco, é notoria a intentona de privatizar a xestión dos centros do Estado, recurrindo á introducción, en organismos de dirección dos mesmos, dos pais dos alumnos baixo pretesto demagóxico de efectuar o control social dos mesmos. Non é desto do que se trata, senón de controlar, pra unha suposta moralidade e comportamento democráticos (léase ideoloxía dominante), unha serie de centros que son moi significativos polo seu pluralismo ideolóxico e político. As manipulacións e os medos aos que os pais poden ser sometidos, son eficaces aliados dos sectores que queiran facer funcionar o ensino conforme ás ideoloxías máis antigalegas e reaccionarias.

A MANIPULACION

Ultimamente, estase a crear un ambiente morboso de desconfianza respecto do sistema educativo estatal, recurrindo á ameaza fantasmagórica da droga pra impoñer unha disciplina irracional, unha vixilancia policial e unha intromisión descarada no papel educativo do profesorado. E por esto que A NOSA TERRA desexa facer pública que as referencias aparecidas nun informe publicado no número 36 respecto dun suposto profesor que convidara a «fumar», eran totalmente marxinais, tiñan solamente un valor individual, resultaban puramente anecdóticas e non iban destinadas a cumplir ningunha función política denigratoria ou condenatoria do profesorado e do ensino estatal. De seren utilizadas por alguén doutra maneira, cambea o senso total do testo no que iban inmersas e, dende logo, a intención e o esprito con que este semanario as recolleu.

SERART, S. L.
SERIGRAFIA
FOTOMECANICA
Gerona, 2
☎ 296762 - 234880
VIGO

Xanela
Arte popular
XELMIREZ, 10.
SANTIAGO

xcx gráfica, s.l.
SUMINISTROS PRA INDUSTRIA GRAFICA
☆ Planchas presensibilizadas, positivas e negativas.
☆ Tintas imprentación Offset e Flexografía.
☆ Equipos e productos pra foto-mecánica.
☆ Equipos e productos pra Serigrafía.
☆ Productos e equipos ausiliares.
PORTELA 5 A
Telfs.: 270266
277104
VIGO

ROIS

Un colexio sin edificio

Os rapaces e mestres de Rois non dispoñen das instalacións escolares pra impartir o ensino en condicións axeitadas. A construcción dun colexio de E.X.B. é unha das necesidades que os veciños veñen reivindicando un ano tras doutro, mentras que as clases se veñen impartindo nunhas condicións de provisionalidade que constitúen unha auténtica falla de respeto a nenos, mestres e a toda a sociedade.

As clases danse en catro edificios distintos: no antigo edificio consistorial, unha vella casa de pedra, están tres cursos de pequenos; outro curso a 1 Km. de distancia nunha antiga escola; a cáseque outro kilómetro en locais alugados, fican outros dous cursos, e a outro tanto de distancia, nun edificio de adobes feito pra tele-club, a xente da segunda etapa.

PATIÑO

Cando chove no edificio da segunda etapa, que popularmente chaman «o galiñeiro», faise unha poza de auga

PATIÑO

Un «aseo» sin auga pra 80 alumnos

PEQUENA HISTORIA

No curso 74-75 estaban creadas sete unidades escolares, que funcionaban como Escola graduada; asegún os mestres que traballaban daquela, dos locais utilizados ningún reunía as condicións idóneas.

Neste curso funcionou un servicio de comedor escolar pra cincuenta rapaces, que se facía nunha casa de comidas da localidade, cos incomenentes maxinables; nas estadísticas relativas a material de cocina en xeral, onde se debía detallar indicando o estado de conservación, decíase: «No hay local comedor, se sirve en una casa de comidas que pone todo». A consecuencia dos problemas acontecidos, a primeiros do curso 75-76 suprimiuse este servicio,cambeándose polo transporte doble, de tal xeito que os escolares foran xantar aos seus domicilios co consecuente prexuicio pra pais e alumnos.

Hai un curso en que os rapaces van e veñen en transporte doble, cun soio ómnibus, o que quer decir que algúns chegan e teñen que esperar á porta da escola mentras que o coche vai recoller nunha segunda volta ao resto dos compañeiros, espostos namentras ao frío e á chuvia; e todo esto leva a que se considere a necesidade de implantar o ensino en réximen de sesión única, ou seña, con clases somentes pola mañá.

Os alumnos de 2.º, 4.º, 5.º, 6.º, 7.º e 8.º curso deben atravesar a carretera pra ir xantar, e volvela atravesar cando saen.



SITUACION ACTUAL

Despois de múltiples escritos á Delegación de Educación, nos que se facían notar as deficiencias de medios con que se impartía o ensino (nun centro sin edificio, cos alumnos espallados e sin conesión entre os distintos niveles), consíguese que o comedor comence a funcionar, pro outravolta co mesmo carácter de provisionalidade, nun salón alugado e tendo que trasladarse os mestres personalmente ao Ferrol pra traguer a cociña industrial. Asimesmo, os rapaces tiñan que andar a pé, con sol ou con chuvia, os dous kilómetros que o separan de onde se imparten as clases da segunda etapa. «Días houbo que si entrarades nas clases veríades algúns rapaces coas batas de traballo dos mestres, outros coa roupa de ximnasia, mentras que a roupa propia fumegaba diante da estufa de butano».

Por outra banda, hai clases co piso furado, co risco de que en calquer intre se veña abaixo. «Os ratos aparecen polos buratos, e co barullo e as risas aló vai o traballo do momento». A falla de auga corrente e dos servicios precisos fai que os 80 rapaces de 4.º e 5.º teñan que utilizar un soio servicio, e ao rematar teñen que ir polo correspondente caldeiro de auga á fonte.

Polo mesmo motivo da falla de auga corrente, logo das clases de Educación Física, tanto profesores como alumnos vanse lavar ao río, que por sorte pasa a cen metros dos chamados «campos de deportes».

Dentro das múltiples deficiencias, a máis grave, polo peligro que entraña pra os rapaces, é sin dúbida a da carreteira que separa ás distintas zonas do núcleo escolar que representa unha ameaza arreo prá vida dos rapaces, que en moitas ocasións crúzana sin mirar si veñen coches e sin que haxa quen se responsabilice directamente do problema. Os mesmos mestres vense desbordados, ao teren que controlar aos 170 rapaces que compoñen o Centro.

Ao tempo que a situación se deteriora en perxuicio dos pequenos, os veciños e mestres de Rois siguen a reivindicar a construcción das instalacións necesarias. Os trámites disque están feitos, os planos disque tamén, pero o certo é que as obras aínda non saíron a subasta.

PATIÑO

Farrera
LIBRERIA MEDICA
VIGO
A CORUÑA
SANTIAGO

suteca
● MATERIAL TECNICO DE DIBUXO
● REPRODUCCION DE PLANOS
● FOTOCOPIAS
Santiago de Chile, 26 - bajo
Teléfonos 59 96 39 - 59 99 72

TALLERES NOS
MECANICA DO AUTOMOVIL
MOLINO 47 / VERDUN
BARCELONA

FAGA UN PEQUENO ANUNCIO NUN SEMANARIO AMIGO
A NOSA TERRA

Naceu músico no agro e aos 5 anos xa tocaba intuitivamente nunha frauta de cana as cancións máis populares da época. Fillo de pai zapateiro e nai analfabeta —díceo cun xesto de certo desfogo frente á sociedade— foi frautista, sasofpnista, violinista, percusionista e tamén estudiou piano. Aos 17 anos saiu nomeado director da banda de música «A Unión de Guláns» polos músicos que a compoñían, acadando en Madrid os títulos de profesional e de profesor de composición. Crea o Coro «Estradense» e a Orquesta da Coruña. Acadou diversos premios internacionais, dende 1967 dirixe a banda-Orquesta Municipal da Coruña e dende o 70 o Conservatorio Coruñés. Tén unha enorme restra de títulos máis e é autor de máis de 50 obras, case todas editadas no Estado español e en Suiza.

MAESTRO GROBA
do, re, mi, fa, GA...!

GALOCHA

—Esiste unha música galega?

—Hai indubidablemente unha música galega. Pro temos que determinar cales son os seus elementos diferenciais. Nela atopamos moitos factores que son comúns a outras culturas. A nivel melódico, as características estructurais pódense atopar en certas frecuencias intervalísticas, que poden interpretarse coma testimuña dunha predilección fonético-prototípico-galega. No nivel vertical, as manifestacións diferenciais temos que inventalas; e dende o punto de vista rítmico, topamos con formas moi nosas. Coido que temos que entrar no eido da fonética pra, deste xeito, chegar a adquirir conclusións concretas. E penso que o máis característico da nosa música está, cecais, na maneira de improvisar, na que a orixinalidade do músico intuitivo non está influenciada polos perxuicios dunha escola académica determinada. E por eso que, na miña opinión, coido que o recollido deica agora, dende o punto de vista de pureza étnica, presenta moitas impurezas. A grafia musical non é capaz de transcribir todo o que se canta. Somente o maqnetófono pode facer esta laboura. Pro, de seguir na falla de actividade na que durmimos dende hai xa séculos, penso que cando queiramos recoller o pouco que aínda nos queda, xa será tarde, pois os nosos xeitos músico-diferenciais perderanse axiña por mor do contacto que o pobo mantén coa televisión centralista, que fala somente en castelán, e pola falla dunha televisión galega que potencie máis as nosas formas culturais en xeral.

—Dentro do papel cultural que á música lle tocou desempeñar ao longo da nosa historia, ¿poderíase establecer unha relación recuperación nacional-recuperación musical?

—Sempre houbo e sempre haberá unha interrelación artístico-cultural e política do mesmo xeito que hai unha interrelación política e cultural-artística. En Galicia os nosos intres musicais máis importantes, se deles podemos falar —porque non acadan o teito ideal, nin podemos comparalos aos que xurden nos mesmos intres históricos do seu noutras culturas, das que, dende logo, estamos moi lonxanos—, foron froito do noso Rexurdimento galeguista do século derradeiro, do que Marcial do Adalid foi o pionero e tivo «epílogos» en compositores coma Montes, Veiga, «Chané» e moitos outros.

—¿Houbo ou hai peligro de que a nosa música seña asimilable pola dominación doutras formas culturais?

—Bueno, esto non acontece cando a comunidade esposta ao peligro da influencia esterna, á que se chega por medio dun contacto alongado, tén unha personalidade tan forte que se fai impenetrable. A nosa é forte pro estivo orfa dunha maneira brutal. Os propios galegos aldraxamos a nosa música moitas veces co despectivo nome de «galegada». E lóxico e tamén normal que se lle espete este adxetivo a moitas músicas, pois non merecen outro; pro hai moitas escepcións. Pra moitos música galega é sinónimo de mala. E por outra banda, a conciencia músico-nacionalista, non señamos parvos, non esiste porque tampouco se formou. A todo este estado de probeza músico-nacionalista hai que decir que contribúen moito os medios de comunicación, que estiveron e aínda están máis ao servicio do alleo ca do noso. Escoite a radio, lea o xornal, escoite e vexa a televisión e observará que se fala de todo o que enrabexa e deforma, e tamén se convencerá de que as cousas máis importantes non se lle dicen ao pobo en nome do pobo. Da influencia compre falar, como xa dixen, cando tropeza cunha personalidade diferenciada. Pro en Galicia o que sempre tivemos foi unha invasión artístico-cultural allea. Fomos e seguimos sendo unha colonia cultural. En consecuencia, temos que falar, e compre falar dunha falla, dunha falla de auténtica galeguización musical. Pra chegar a tela hai que analizar de xeito científico a dubidosa herdanza recibida, recoller o pouco que nos queda, incluidos os ruidos con valor enxebre, e facendo táboa rasa de moitas cousas pra, deste xeito, meternos no miolo da antropoloxía que nos caracteriza, descubrindo así a nosa forma diferencial permanente, e sobor desta base poder chegar ás plasmacións artísticas que teñan maior rango e maior autenticidade étnica. En conclusión: non somente estamos influenciados; estamos fora de nós mesmos no noso propio fogar.

—¿Qué valor social e cultural se lles podería atribuir ás bandas populares?

—As bandas populares tiveron un valor social e cultural indiscutible no seo do pobo galego. Foron elas as que achegaron ao pobo a cultura que foi privilexio de grupos elitistas hastra non hai moito tempo. E, por outra banda, foron e aínda son os vieiros que forman aos músicos que logo integrarán as bandas e orquestas profesionais deste país cando as haxa. As formacións musicais que tiveron maior trascendencia social foron, cecais, as bandas de música. Elas mantiveron o facho musical ao longo de tempos moi difíciles; sin elas, Galicia hoxe non tería ningunha formación musical profesional representativa e de verdadeiro rango artístico. Moita da producción musical galega esiste porque nelas atopou o compositor un froituoso aquillón e a arte da interpretación sin elas atoparíase nun estado moi baixo. As orquestinas adicadas á arte de consumo tamén teñen nelas a orixen da sua esistencia, pois delas véñenlles os seus compoñentes. Penso que podemos decir que son, coas bandas, o máis representativo de Galicia, e sobor de todo, as municipais que constitúen hoxendía os únicos postos de traballo pra os especialistas músicos que saen dos nosos conservatorios.

—Na educación dunha sociedade, ¿cómo se integraría a música, por exemplo, no ensino?

—Coido que a música tén que formar parte da formación integral do home. En consecuencia, débese incluir no ensino Primario, Medio e Universitario, e debe incluir os tres aspectos seguintes: o activo, o auditivo e o cultural. Polo primeiro, o escolante pode adeprender a tocar un instrumento, o que permitiría descubrir os que teñen condicións naturais pra seguir os estudios profesionais. Polo segundo, adeprendería a identificar os elementos lingüísticos e estéticos da obra musical e tamén se farían cun bo criterio de valoración estética pra que logo non lles metan gato por lebre. E polo terceiro, faríanse con un bó feixe de cultura nominal, constituida polo conocemento de compositores e da importancia histórica que trouxeron e tran as suas respectivas obras. Pro o repertorio deste programa debería comprender obras galegas, pra deste xeito escomenzar a conocer o noso primeiro que o estrano. Pro todo sin atentar contra da libertade do home que esixe a non alienación partidista.

—Por fin e despois de todo o dito, que valoración se pode facer da música como sistema de comunicación?

—A música constitúe un dos medios de comunicación máis perfectos e tamén máis amplos da forma insinuante. E capaz de espresar e describir coma ningunha outra arte. Na propia lingua, o máis diferencial, no eido fonético, é a dimensión musical. Contén, por outra banda, un valor histórico-comunicativo que vai alén da parola, reflexa millor e de maneira máis completa o contesto cultural dunha época. Deiquí que seña esponente certo dun ciclo histórico. Pro tamén nos fala de grupos étnicos de maneira máis fonda ca ningunha outra manifestación artística. Por outra banda, tamén contribúe ao desenrolo sensible da persona, faina máis comprensiva e dalle unha intelixencia que lle permite compartir millor os sentimentos alleos, na sua máis variada diversidade e femencia. Eu pregúntome qué sería dunha sociedade sin música. Cántase, bailase, compártense ledicias, fanse meirandes os anceios nacionalistas... Unha cousa é certa: a música é froito do maxín humano. Si esiste é porque forma parte do seu mundo vital. Penso que ha de ser cada vez máis necesaria neste mundo cheo de imperfeccións e nas sociedades que fuxen dos estados tribais. Canto máis civilizada seña unha sociedade máis esixencias artísticas ha precisar. ¿Qué nos di a historia?, ¿O progreso social, non consiste en que seña pouco e pouco de todos o que malfadamente aínda sigue sendo duns poucos? Se a música foi cousa de príncipes, de burgueses, da eirexa, agora debe ser do pobo, pro pra acadar a formación que lle permita falar dunha música socializada, compre formalo sensiblemente e darlle uns criterios de valoración estética que, aínda hoxe, son privilexios duns pouquiños e de cando en vez dalgúns estratos sociais imperantes. O humano da sociedade futura tén que adeprender a realizarse, son somente individualmente, senón na sociedade, pra deste xeito facer máis rico o seu esprito e sair do seu cego ovo que tantas malfacendas fixo e fai no intento, no nobre intento, de acadar unha Galicia de todos e pra todos... A música tén un papel importante neste proiecto, neste novo proiecto de facer unha nova Galicia. Pro xa veremos se pensan nela. Ao millor aínda ten vixencia o que dixo Castelao: «Galiza é un pobo sentimental e xeneroso, incapaz de ver o que lle convén».

ANTON L. GALOCHA
XOAN M. CARREIRA

Aprender das meigas

«Bruja: mujer que popularmente se cree que tiéne pactos con el demonio para hacer hechizos. Mala mujer, pícara e intrigante.»

Estes son hoxendia os valores que podemos tirar da parola procedente do arcaísmo inglés «Wicht», que no seu orixen viña a designar aos druidas e demais persoeiros das comunidades celtas e relixións animistas que se espallaban por Europa e as illas; estes sabios ou iniciados conocían cértas teimas e secretos moi importantes pra o pobo desconocedor deles: astroloxía, botánica, psicoloxía... das que dependía a vida de todos, pois servían pra confeccionar o calendario, prás sementeiras, a sega, a colleita das herbas medicinais ou alucinóxenas necesarias prás curacións e ritos, etc.

Pola contra hoxe a mesma parola sinala a persoas rexeitadas da sociedade e que a vez son temidas por desconocemento.

Históricamente, cecais o momento de máis apoxeo pra bruxería foi o período dourado romano, no que tanto dominadores como dominados consultaban as «sagae», namentras que os máis poderosos patricios e hastra o mesmo Augusto acudían a certas familias que por herdanza viñan practicando a Alta Maxia, destinada a consultar aos deuses do Olimpo encol de fondas custións políticas, (co que aforraban un senado e un congreso inútiles).

Coa aparición do cristianismo, escomenzou o decaemento da práctica pública da maxia, acusándose aos seus practicantes de ser os causantes das desfeitas nos campos, da sarabia, da morte do gando e do secuestro dos nenos para sacrificalos nos ritos —resulta curioso que á chegada do cristianismo a Roma, se acusara aos agaristas dos mesmos males e se viran perseguidos cos mesmos pretestos—. Pero foi a morte do emperador Xermánico a que decretou a prohibición e persecución oficial dos practicantes da maxia, seguida despois polos decretos de Childerico (ano 743) e máis tarde a de Carlos o Calvo (ano 873) que penaban coa morte a práctica non somente da maxia, senón tamen da adivinación.

A Eirexa tentaba con esto non somente barrer a relixión anterior que adoraba penedos e ríos, montes e arbres, ceos e ondas, serpes e animais, e cambealo polo máis «moderno» **pensamento relixioso**; mais aquí convén distinguir entre as duas formas de pensar. No primeiro empréganse métodos coercitivos e imperativos; pra domear aos deuses, mandábanlles que cumprisen os seus desexos, namentras que as relixións codificadas e liturxificadas empregan a canle da oración e a súplica pra invocar aos seus deuses, dentro sempre dun esquema de acatamento e subordinación do Home diante do Deus.

Por máis que pelexaron, prohibiron, exorcisaron, escomulgaron... as relixións animistas sobreviviron e infiltráronse na «nova liturxia», anque por ambalasduas partes houbo un proceso de adaptación camaleonística; a Eirexa vén practicando exorcismos pra esconxurar demos —Corpiño— (procedemento coercitivo) e facendo rogativas pra que chova (idem), abenzoando medallas de ouro (o ouro, xunto coa plata e o acibeche, sempre foron considerados en todas as culturas como preservativos contra o aillamento independentemente da figura ou sinal que levase).

Lonxe das bruxas, hai que aprender do coñecimento empírico das meigas e meigos, curandeiros... Herbas medicinais, alucinóxenos, composturas...

Pola contra, os países colonizados do Imperio e a sua relixión oficial tiveron que cobrir os seus ritos dunha apariencia cristianista e deixar que cada penedo adorado —S. Andrés de Teixido, A Virxe da Roca de Baiona, a de Laxe—, igual que cada monte sagrado —Pico Sagro, o Pindo—, e as praias e ondas —a Lanzada— cada castro —Amil, Castro Valente— fosen «santificados» coa sua correspondente ermida, cruz e santo milagreiro promocionado polo seu correspondente cura.

Actualmente as presuntas meigas viven amedoñadas polo rexeitamento social, que tentan rachar asegurando que curan nenos por intervención divina e que o seu poder é un del pra facer ben, non mal, como me aseguraba non hai moito unha delas. Acóchanse nos seus secretos, dos que desconocen case todo, e prefiren pasar por devotos cómplices do sistema que as segrega.

Penso que si algunha vez houbo bruxas, ou as poucas que haxa son individuos neuróticos, mitómanos ou temporalmente desequilibrados que chegan a desenrolar ao másimo as capacidades que temos todos de traspasar as coordenadas espacio-tempo-lugar, mais non quero clarificar neste grupo a tantas e tantas persoas —saudadoras, arresponsadores, menciñeiros, albeites, abortadores— que andan espallados pola nosa terra, e na que atopan sempre un lugar, son respetados e escoitados por saber curar enfermedades incurables médicamente e **esclusivas de certas culturas**: enganido, quebradura, aollamento, mal aire.

Destas persoas coido que aínda poderíamos adeprender moito cando as ollemos sin prexuicios e sin outro fin que unha aplicación práctica dos seus vedraños conocementos, ¡anque estes repousen baixo de fórmulas absurdas e disfraces despistantes!

M. VAZQUEZ CAMINO

5 ANOS DE NOVA PRENSA

Gobanco

NUMERO 39 NOVEMBRO DE 1978

HISTORIA NEGRA DA CONSTITUCIÓN
Quén a enxendróu
Cómo a enxendróu
Onde a enxendróu
Todo o que cumpre saber pra comprender PORQUE a enxendraron
NON O VAI CONTAR NINGUEN, SEGURO

COUSAS DA POLITICA
NOVO XORNALISMO
COHNN BENDIT
«BANDA TRAPERA DEL RIO»
FESTIVAL DE TEATRO DE WROCCAW

VIAXE EN CARRO
O MUIÑO
MINIPIMER
LUIS FERNANDEZ
PESSOA

PROXIMA APARICION extra Gobanco NOVIEMBRE 1978

MARIHUANA historia, uso, cultivo e cociña da herba.

¿O QUE É O FEDERALISMO?

XOSE LUIS FONTENLA RODRIGUEZ

Cando se creou a «Plataforma de Convergencia Democratica, contando coa caída da dictadura franquista, todos os partidos, os partidos españoles firmaron documentos en que se establecia claramente o dereito á Autodeterminación pra os pobos do Estado español e a estructura federal deste estado, precisamente a instancias dos galegos, catalans e bascos. Coa creación da «Platajunta» -a Plataforma fusionada coa «Junta democrática»- e posteriormente coa Plataforma de Organismos Democráticos, as forzas centralistas e españolistas recuperaron a posición unitarista pra o Estado e pactaron coa Monarquía o que resultaría a actual Constitución española. En Galicia, o Consello de Forzas Políticas Galegas había manter o Pacto Federal como alternativa, que sería retomada pola AN-PG unha vez desaparecido aquel organismo político.

Hoxe apreséntase unha vez máis na historia a posicón unitarista do Estado, con concesións descentralizadoras autonómicas. Neste proceso político actual fálase de preautonomía, de autonomía, de comunidades autónomas, máis non de federalismo.

A Constitución española actual nega os dereitos das nacións do Estado en canto tales. Gravemente lesiona os dereitos nacionais de Galicia, Euskadi e Catalunya e dará lugar a que as nacións empobrecidas e esplotadas como Galicia señan mantidas no atraso e no subdesenvolvemento, sometidas a unha situación colonial.

Está claro que a Constituición española consagra unha estructura do estado unitaria —art. 2— pois os partidos españolistas non quixeron cuestionar esta estructura unitaria descentralizante —autonomías limitadas— por medio dun Pacto federal. Non cuestionan a estructura do estado —federalismo— pra axeitalo ás realidades nacionais que o integran, como tampouco cuestionan a natureza dese estado —socialismo—. Manteñen un mesmo estado unitario do que o da República con adobíos novos —descentralización— nunha nova Constitución. Os nacionalistas imos máis ao fondo do problema e procuramos un estado realmente democrático que dea solución aos problemas que plantexa a realidade peninsular, políticamente plurinacional. Ninguén pode negar que somos mais democratas que os que non queren cuestionar a forma do estado, cando vimos de deixar unha das mais fortes dictaduras.

O federalismo non é senón o resultado dunha toma de posicion racional frente a unha crisis institucional dos pobos peninsulares, que buscan un destino común e solidario sen perda da propia identidade nacional. E Galicia está nunha situación especial de encrucillada entre España e Portugal dende o punto de vista histórico-lingüístico-cultural, económico-social, e por tanto político.

Entre descentralización ou autonomismo, e federalismo, hai diferencias esencias. Kant decía que «o federalismo é a forma de crearse un medio xurídico, e por tanto, de desenvolver un dereito». Esto pra un xurista é unha afirmación esencial. Entre o nacionalismo independista revolucionario e o centralismo reaccionario esiste como punto de equilibrio o federalismo, medio xurídico axeitado o dereito esencial de autodeterminación dos pobos. Por suposto que o federalismo acepta e amparo o dereito a separación, aínda sendo fundamentalmente cooperación e unión, cando se atenta gravemente contra os intereses populares. Eso é lóxico e mesmo necesario como única saída non violenta ao asoballamento e opresión dun Pobo por outro. O federalismo, se non tén en conta este principio fundamental da autodeterminación, non é tal, será un pseudofederalismo e, como tal un instrumento ideolóxico de dominación que non cuestiona nen a estructura nen a natureza do estado pra axeitalo á realidade. Polo tanto, non respeta a libertade e a soberanía nacional dos Pobos, por moito que fale de autogoberno, autonomía, etc., non admite o dereito de autodeterminación. O federalismo implica igualdade esencial. A nación é un feito obxetivo, dado pola historia, que corresponde a un intre do desenvolvemento da Humanidade.

Dende o punto de vista funcional, o federalismo baséase na repartición de competencias, de xeito que os seu lindeiros van estar delimitados pola capacidade de **autoorganización** e as posibilidades de **participacion das decisións do poder central** por parte dos estados membro. No noso caso, por parte das Nacios Históricas. A potestade de autoorganización establece dende xa diferencias. Mentras nas autonomías pra elaborar os Estatutos precísase a sua aprobación por unha lei do poder central, a potestade constituinte dos estados membro no federalismo carece desa limitación, mesmamente en razón o principio da soberania nacional e de autodeterminación. Os estados membros no federalismo están facultados pra determinar a sua propia organización xurídico-política, poseendo en consecuencia un **poder constituinte.** Nas autonomías non, como se pode ollar na Constitución española. A nosa nación Galicia, tén limitado dende xa ese poder, tanto o constituinte e de autoorganización como o de participación nas decisións do poder central.

Se é certo, como sinala Marta Harnecker, que «toda persoa ou grupo que se mova dentro das marxes estreitas da ideoloxía dominante nunha sociedade capitalista tenderá a sustiur o problema da natureza do estado polas formas de goberno, e deste modo ocultar a natureza de clase do estado, que é problema esencial», tamén é fundamental pra comprender a significación da Constitución española actual unitaria, considerar como a estructura de estado, vencellada íntimamente a esa natureza, non se tén en conta un proceso de reforma política que quer que todo cambee pra que nada cambee. Ou seña, que a formación social galega, a nación galega, non pode saír vencedora neste proceso se non se toca a estructura e natureza do estado unitario. Noutras palabras, se non se tronza o colonialismo a que estamos sometidos os galegos. Federalismo e socialismo son duas alternativas claras e evidentes pra esa estructura e esa natureza que pervive na actual Constitución española que se vai votar o mes vindeiro. Por eso compre votar en concincia. Como nacionalistas temos eso obriga pra chegar a unha solución política de Galicia, progresiva, democrática, en defensa das nosas clases populares.

historias de esmagados

Por X. MARIN



AHÍ VEN UNHA CONSTITUCION

Acudimos ás sedes de distintos políticos que actúan na nosa nación coa mesma pregunta. ¿Qué vai significar pra Galicia a Constitución española?

ALIANZA POPULAR

Alianza Popular, que arrastrou tras de sí a unha boa parte da pequena burguesía franquista máis reaccionaria cara o proceso constitucional, tivo unha resposta, en boca do seu representante Francisco Puy Muñoz, tallante e sincera:

—«O mesmo que pra o resto das rexións españolas».

UNION DE CENTRO DEMOCRATICO

Poal sua parte, o diputado coruñés, X. Luis Meilán, membro da Xunta e activo participante na Comisión Mista, esplicounos as razóns da UCD: «Pra Galicia representa a oportunidade por primeira vez de realizar o seu autogoberno. Recónocese no testo constitucional a personalidade diferencial de Galicia á que contribuíron no pasado galegos de distintas ideoloxías, e en concreto o voto do pobo ao Estatuto en xunio de 1936».

«A Constitución será, por tanto, un reto pra conocer a capacidade dos que teñen responsabilidades políticas diante dunha oportunidade sinxelamente histórica e irrepetible. En resume, demostrar na práctica, con feitos e non con palabras, que a autonomía é un dereito do pobo galego cuio exercicio vai conquerir unha vida máis xusta, máis libre e de millor calidade que baixo do centralismo. Eu diría que é preciso pra esto xunquir esforzos solidarios, porque o que pode poñerse en peligro é a unidade de Galicia, enfrentanto a unhas cidades coas outras. A elaboración do Estatuto debe conquerirse mediante consenso pra que a sua votación, dentro da libertade, seña un motivo prá unión e non fonte de liortas que farían, por desgracia, xustificable aquel amaro comentario de: «somos galegos e non nos entendemos».

POUSA

«Eu voto o que diga o televexo».

plo do que da autonomía caibe esperar.

PARTIDO COMUNISTA DE GALICIA

O Secretario Xeral do PCG, Santiago Alvarez, non comprende, pola sua banda, como hai xente que poida votar NON, xa que pra el a Constitución representa «non naturalmente o dereito de autodeterminación, como sería desexable noutra circunstancia, senón un paso moi importante».

«A Constitución permite, dunha banda, que eiquí se estableza un poder autónomo, que haxa unha asamblea parlamentaria galega e unhas leis determinadas en función da nosa realidade. Además, vai permitir a utilización máis axeitada dos medios económicos, é decir, do aforro, dos recursos, e eso vai permitir unha industrialización racional a nivel global».

Pola contra, o mesmo Santiago Alvarez reconoce que: «o principio básico da Constitución é a economía social de mercado, a propiedade burguesa. Déixase ver unha contradicción entre o feito de que se establezca a democracia xurídicamente basada na Constitución e o feito de que perviva un aparato de Estado que é o aparato da dictadura fascista».

Niste senso somente lembramos que despois dun ano de Pactos (os da Moncloa) que pra Galicia supuxeron o peche de numerosas pequenas e medianas empresas, despidos masivos, aumento do paro e a escasez de inversión pública, estanse a firmar novos acordos, necesarios prá continuidade da economía capitalista que consolida ista Constitución.

PARTIDO SOCIALISTA OBRERO ESPAÑOL

Pra o representante do PSOE en Compostela e abogado laboralista da UGT Alejandro Otero, aínda que na teoría siga vixente a sua condición republicana, o PSOE acepta a monarquía «porque niste intre o problema é democracia sí, e dictadura non». En canto a repercusión sobor da nación galega «a Constitución, a pesares de ser tradicionalista e burguesa, nembargantes é o único instrumento válido pra afondar na transformación da sociedade

POUSA

«A min gústame non sei por qué, é unha idea miña»

POUSA

«O que fai falla é unha Constitución galega».

Claro que Meilán Gil non conta nin lle preocupa cal é a representatividade da Xunta e cal é o papel que lle asigna a Constitución española diante dos grandes problemas que Galicia ten plantexados, e cuia actuación niste amplo limiar non é máis que un pequeno exem-

O artículo 2 di así: « A Constitución fundaméntase na indisoluble unidade da nación española, patria común e indivisible de todos os españoles...». Diante dista afirmación tan contundente moi esplícita e nada ambigua, como outras máis que recolle o testo constitucional, por exemplo aquelas que identifican o caracter monopolista do Estado, os diversos partidos políticos que representan correntes de opinión reais no país, espresaron as razóns da sua actitude frente ao testo constitucional.

Os lectores xa observarán onde están as contradictorias argumentacións de moitos que estiveron e están dispostos a apoiaren activamente a aprobación da Constitución española, ás veces recurrindo á demagoxia ou terxiversación que non se poden entender moi ben porque non abonda con decir que «esto é millor que o anterior» ou que diste xeito camiñamos cara a autodeterminación. Por non nos referir aos que fan demagoxia somente coas libertades en abstracto ou cunha lacra tan secular no noso pobo como a emigración.

Tampouco é estrano que a opinión pública se sinta intimidada e forzada, baixo dunha forte campaña propagandística —tamén demagóxixa e sospeitosa— a favorecer un sí rutinario, por unha banda, un escepticismo ascético, por outra, óu un non cabreado en ocasións.

Esto reflexaron os partidos e máis real, e menos inmoral e razonadamente, as xentes que se moven pola rúa.

A NOSA TERRA



POUSA

Meilán Gil (UCD) «Un reto pra conocer a capacidade dos que teñen responsabilidades públicas».

POUSA

Alejandro Otero (PSOE) «A constitución é a ruptura democrática».

POUSA

Santiago Alvarez (PCG) «A Constitución permite o establecemento dun poder autónomo».

e poder espallar a democracia a todos os niveles do noso país. Dende ista óptica, a Constitución é somentes un tipo de partida, como único camiño prá construcción do socialismo».

E continuou: «Pra nós isto implica que a desmantelación das institucións franquistas, a disolución dos instrumentos represivos, o retorno dos emigrantes e dos esiliados e a libertade dos presos políticos, ao final dunha loita de coarenta anos contra a dictadura, é unha conquista do pobo galego e da clase traballadora que conqueriu as libertades e un Estatuto que implicase un goberno galego pra decidir o noso propio destino».

Pesie a estas afirmacións, entendemos que Alejandro Otero saberá o que é a Lei Antiterrorista, o que son as cadeas, a actuación das forzas de orden público, a tortura inda vixente... ou é que probablemente se pense na volta dos emigrantes somente nos períodos de vacacións...

UNION DO POBO GALEGO

Pola sua banda, Bautista Alvarez presidente da UPG que integra xunto coa AN-PG o Bloque Nacional-Popular Galego è que éstá a desenrolar unha campaña polo NON á Constitución, resposta á nosa prequnta do seguinte xeito: «A Constitución significa que a Galicia se lle veta o dereito de autodeterminación. Galicia, como nación, debe dispoñer da sua propia soberanía política, o que quere decri que pode escoller as suas propias institucións. Esta Constitución, elaborada por un parlamento español, representa a perpetuación do poder colonial dentro de Galicia, polo tanto, nós imola rexeitar non có abstencionismo, porque eso significaría fomentar a inhibición dentro do noso pobo: o MN-PG vai votar non a Constitución española, como o movemento popular revolucionario vai votar non en Euskadi e o movemento popular revolucionario vai votar non en Catalunya».

Niste caso faltou sinalar a perpetuación do sistema capitalista, a lexitimación do marco político dos novos pactos económico-sociais ou, incluso, o esquencemento dos grupos marxinais.

O «HOME DA RUA» FRENTE A CONSTITUCION

As posicións que obtivemos na rua, dannos unha mostra clara do desconocemento e da indiferencia que o término «política» en xeral produce na xente. En realidade, o

POUSA

Bautista Alvarez (UPG) «A Constitución néganos o dereito de autodeterminación».

xogo, niste proceso desinformativo, vén marcado polos medios de comunicación, en especial os estatais, ao servicio do goberno de UCD. A cuestión é sacar os Sí cuns instrumentos demagóxicos, ambiguos e, dende logo, nunha clarificadores do engranaxe dos 169 artículos dista Constitución que dous millóns de galegos máis ou menos terán que votar o día 6 de Nadal.

Así, a maioría dos 17 encuestados non souperon decir o que significa a Constitución nin conocían o que nela se plantexa. Antes de nada, advírtese que a política é un campo alleo á sua vida cotiá; diste xeito, as respostas máis tallantes eran: «eu deso non entendo nada»; «eu non me meto nesas cousas»; «non sei que é»; «esas cousas no me interesan». Ou seña que o linguaxe que empregan o televexo,, a radio e a publicidade na rua dan por feita a perfección constitucional, servíndose de términos como **democracia** e **libertade** sin afondar no significado real, aparecen como un sinxelo reclamo. Os líderes dos partidos tamén falan de democracia e libertade, e axustan entremedias o terrorismo, como si de «bos» e «malos» se tratase. Estructúrase o voto dentro da estabilización da sociedade, pro nunca como algo basado na información obxetiva e crítica.

Saímos á rúa a busca da opinión do «hombre de la calle, término creado polos medios de comunicación social pra definir á persoa normal. Así, unha vendedora de queixos dixo que ela iba votar sí, porque «supoño que co que di a televisión está ben e xa que ela o di...» Ou un xubilado que respostou: «eu penso que a Constitución está ben e que se debe votar a favor dela» e ante a prequnta ¿por qué pensa que está ben?, engadiu «porque me qusta, aínda que non poida esplicar razóns, é unha idea miña que teño».

Unha muller do agro manifestou «eu non sei aínda o que vou votar Alá na aldea van vir esplicar os mestres e outras persoas o que haxa que facer. Nós non sabemos nada».

Tamén, aquela velliña que vendía as froles e que se negou a que lle sacaran unha foto porque nin xiquera o día que se lle casou a filla consentiu que lla fixeran, opinou que «si me obrigan, voto, senón non o fago, porque eu deso non lle entendo nada». Ou o que nos dixo «a min xa non me importa o que poida pasar. Eu non vou votar porque non teño interés nin por unha cousa nin por outra».

Topamos co escepticismo, representado nun vendedor que non comprendía como lle poden estar pagando somente 6.000 pesetas polo subsidio de enfermedade. «eu votar votarei, pro podo facelo en branco, asegún como vexa as cousas. O goberno que temos hoxe fala moito, pro obra pouco». O mesmo tempo o abstencionismo vén marcado por «unha absoluta desconfianza sobor do que poidan facer; ademais hai que ter de conta quen son os artífices dista Constitución. Claramente, non representa a ninquén e en Galicia non resposta á súa realidade concreta»

Astrevímonos a parar un coche e lanzámoslle a prequnta a traveso da ventanilla: «penso que é unha Constitución feita polos partidos maioritarios, cun consenso particista por completo, ás costas de quen os votou. Pra Galicia vai significar a continuidade do colonialismo, asoballamento tanto cultural como político que sofriu e que sofre. Por eso o meu voto será Non».

Por outra banda, a resposta de que «a Constitución é unha pastelada, a continuación dunha farsa. Enganados, eso sí, que pareza outra cousa pro que seña o mesmo», sigue a demostrar que a determinados niveles, como poden ser os estudiantes, refléxase un certo «pasar do rollo político».

E, xa pra rematar e despois de andar varias ruas de Santiago, o último entrevistado díxonos: «O que fai falla é unha Constitución galega, naide ten por qué arranxar os nosos problemas e, dende logo, menos Madrid. O país temos que resolvelo nos e dende eiquí».

M. O. TEO
XOSE R. POUSA

CATALUNYA E A CONSTITUCION

EVA SERRA (PSAN-provisional) (Membro do Comité Catalá contra la Constitució Espanyola.)

En febreiro de 1978, e perante o comenzo da elaboración da Constitución española, en Catalunya empezáronse a definir diversas posturas. Os partidos que firmaron o Pacto da Moncloa, topáronse collidos entre os seus compromisos capitalistas españoles e o medo de perder o apoio popular por mor do carácter anticatalán, antipopular e antiobreiro da Constitución española. E postos nesta situación, estes partidos (PCE-PSUC, PSOE-PSC, CDC) tentaron promocionar unha campaña propiciada pola «Entesa dels Catalans», que xa nacera morta, ao rededor do lema: «Guayem la Constitució, guanyem l'Estatut». A intención era dirixir a atención do pobo catalán cara o Estatuto, empregando e manipulando a lembranza histórica dos cataláns verbo do estatuto republicano de 1932. A campaña da «Entesa dels Catalans» morría afogada nas propias contradiccións por mor dos seus compromisos co goberno español, e esluiuse entre a indifenrencia popular.

Un grupo de organizacións políticas situadas entre a esquerda reformista (PCE-PSUC, PSOE-PSC) e o independentismo revolucionario, ou seña as organizacións MC, ORT, LCR, OCE-BR, PSAN-oficial e BCT, no mes de Marzal tentaron darlle pulo a unha campaña non enfrentada coa da «Entesa dels Catalans», que se podería caricaturizar como a campaña das enmendas populares á Constitución». Proiectaban estas organizacións a recollida de firmas pra apoiar un conxunto de enmendas con mentes de que algún diputado as presentara no parlamento español. Estas organizacións pretendían a traveso da recollida de firmas a prol dunhas enmendas, «mellorar» a Constitución. A campaña da enmenda popular aparecía como un apéndice da campaña da «Entesa dels Catalans». De feito non pasaba dun soporte crítico, e subordinábase, querendo ou non, ao marco parlamentario capitalista español A campaña de enmendas, de feito, non chegou a esistir. A pesares de que non contiña nin unha posición política clara nin unha forma de acción combativa, o proceso constitucional, máis restrictivo do que aquelas organizacións agardaban, vén de deixar sin posibilidades de xogo ás posicións ambiguas.

Frente da campaña da «Entesa dels Catalans» e a do seu apéndice da «enmenda popular», apareceu tamén no mes de febreiro-marzal unha posición de abstención ao referéndum que consideraba a constitución como un feito supraestructural, que non influía dun xeito alá moi importante na conciencia das masas, e que consideraba erróneo traballar políticamente sobre do tema e se amosaba contrario en centrar ahí a sua atención. Esta postura, defendida por grupos que podriamos anomear autónomos, non a podía suscribir de ningún xeito o independentismo revolucionario, cosciente de que non se podía eludir nin o análisis nin o tratamento político dunha Constitución continuista, contraria aos intereses nacional-populares e agresiva en relación a clase obreira, dunha Constitución plantexada como un intento máis de avantar na lexitimación do Estado Imperialista español, co seu exército e a sua monarquía. Por todas estas razóns, compría que o independentismo revolucionario catalán traballara políticamente contra da Constitución española. Sectores do idenpendentismo revolucionario e do movemento obreiro catalán consideraron, xa que logo, que compría darlle pulo a unha campaña de axitación e de movilización popular en contra da Constitución española co ouxetivo de denunciar o estado que esta Constitución predo rexeitamento da Constitución e a movilización pra enfeblecer todo o que se puidera o consenso popular tende manter baixo dunha pretendida representatividade popular. O obxetivo era, xa que logo independientemente do referendum, a organización política en relación ao Estado Imperialista español. A campaña concebíase como de rexeite global da Constitución por ser contraria aos intereses da clase obreira, e ás aspiracións nacionais de Catalunya, e concebiuse como enfrentada directamente á da «Entesa dels Catalans», sen adoptar de momento unha escolla determinada de voto pra o día do Referéndum deica o mes de Xulio, que estes sectores adoptarán o Non como postura de voto.

A opción de organizar políticamente o rexeitamento da Constitución española como campaña enfrentada á da «Entesa», concretábase coa formación do COMITE CATALÁ CONTRA LA CONSTITUCIÓ ESPAÑOLA (marzal), que anque estaba promovido polo PSAN-provisional, EN e POUM, empezou a traballar, e sigue, a título individual e cun funcionamento aberto.

Os sectores independentistas revolucionarios, nos meses de marzal-abril, dunha banda rexeitaron a penetración de posturas de rexeitamento á Constitución de carácter republicano español (Convención Republicana do PCE (m-l), e por outra invitaban aos outros sectores nacionalistas implicados na campaña da enmenda popular a incorporarse ás tarefas do Comité e a colaborar na campaña de organización política do rexeitamento global; nembargantes, estas organizacións (PSAN-oficial, BCT, FNC) negáronse, acusando ao Comité de radicalismo.

Do Marzal ao Outono, a «Entesa» practicou o cinismo máis descarado diante do pobo, e os grupos da «enmenda popular» non saíron dun prudente silencio. Do marzal ao Outono, en Catalunya non houbo máis combate político contra da Constitución que o do Comité Catalá contra la Constitució Espanyola. O cinismo da «Entesa» consistiu nunha campaña de confusión cun tratamento informativo insistente a próposito do Estatuto, do futuro parlamento catalán; a propósito dos traspasos de servic'os e do decreto do catalán, con mentes de que estas aspiracións populares absorberan a atención xeral e fixeran automáticamente do Si ás aspiracións populares ao autogoberno un Si á Constitución. O papel dun PCE do PSUC (Solé Tura e dun home da Convergencia Democrática de de Catalunya (Roca Junyent) na redacción da Constitución, esplotouse tamén a fondo. As organizacións da «enmenda popular» non saíron do seu silencio, coa secreta esperanza de teren un lugar na redacción do Estatuto de Sau, ou de que o terán no futuro parlamento de Catalunya.

O traballo do Comité Catalá contra la Constitució Espanyola consistiu nunha laboura de concienciación e clarificación política, denunciando a operación do Estado español e dos seus aliados en Catalunya (PSUC, PSC, CDC), nunha tarefa de busca de alianzas nacional-populares coas outras nacións oprimidas polo Estado Imperialista español, e nunha laboura organizativa e de movilización pra avantar na organización nacional-popular contra do Estado español. Na tarefa de clarificación política, o Comité elaborou testos e fixo intervencións públicas en barrios de Barcelona e en comarcas de Catalunya, poñendo en evidencia o contido antipopular, antiobreiro e antinacional da Constitucións española e as limitacións ao autogoberno e ás aspiracións da clase obreira catalana que esta Constitución representa. No terreo de alianzas e colaboración cos outros pobos asoballados polo Estado Imperialista español, firmou un documento conxunto con KAS, HERRI BATASUNA (Xulio) e organizou un mitin (Setembro) en Barcelona, coa participación de Bautista Alvarez (UPG) no nome do BN-PG e do diputado independentista de Euskadi Francisco Letamendia. No terreo da axitación e a organización, leva feitas pintadas e pegado carteles por toda Catalunya, e realizado movilizacións na rua o 23 de abril, 1 de Maio, 10 e 11 de Setembro e 24 de Setembro, así como creado núcleos do Comité en barrios e comarcas.

A campaña do Comité, a pesares do boicot informativo realizado sistemáticamente en contra dela por parte da prensa burguesa e reformista, foi adquirindo paulatinamente importancia sobre de todo dende o 11 de Setembro, e sua esistencia contribui tamén a fundir a postura da «enmenda popular». O bloque político da «enmenda» rompeu, e viuse obrigado a sustituir a sua postura pola do rexeitamento, sen que este cambeo significara o encetar campaña activa ningunha en contra da Constitución, xa que non esiste interés nin actitude combativa por parte das forzas políticas que o compoñían. Tampouco a postura de voto destas organizacións é única. LCR e BCT veñen de se decidir polo Non hai pouco. MC, OIC e OCE-BR defenden a Abstención, e o PSAN-oficial aínda non tén claro si o Non ou voto nulo. Todas estar organizacións quedan nunha política de comunicados á prensa que non atopa as dificultades nin o boicot do Comité, e veñen de empezar a pegar papeles.

Na recta final do proceso constitucional, en Catalunya a «Entesa del Catalans» deixou de ter presencia política no tema da Constitución, e formouse un bloque PSUC-PSC-CDC que faran unha tímida campaña polo sí, pero que poñen todo o seu afinco nas convocatorias chamadas antiterroristas como un xeito de facer campaña a prol da Constitución. As organizacións pertenecentes ao bloque escindido da «enmenda popular», agora fan campaña de siglas con locidos carteles nas paredes, pero non fixo nin vai facer campaña real e efectiva contra da Constitución.

O Comité Catalá contra la Constitución Espanyola, seguindo o camiño que encetou no marzal, o 5 de Santos celebraba unha asamblea aberta pra ampliar as tarefas por sectores (obreiro, ecoloxía, feminismo mocedade, ensino, etc.) e decidiu tamen facerlles frente as campañas chamadas antiterroristas de CC.OO., UGT e de PSUC, PSC, CDC, e UCD, con actos e contramanifestacións ao redor do lema: «Ningún apoio ás manifestacións contra da clase obreira e do pobo. Solidaridade co pobo basco. Pola democracia e unhas plenas libertades nacionais, contra do pacto social: Non á Constitución».

O independentismo revolucionario, a pesares do seu traballo e esforzos, é consciente da penetración social do reformismo en Catalunya e da podente mediatización que uxercen PSUC-PSC-CDC no pobo catalán, e está convencido de que o Sí vai ser maioritario en Catalunya. Nembargantes, o descontento popular inorganizado, qu é importante, de seguro que vai dar lugar a un notable porcentaxe de abstencións; nalgúns casos será abstención política noutros, inhibición, e o NON vai ser tamén significativo e representativo de militancia obreira, republicana e nacional-popular dado que non esiste Non ultra en Catalunya.

Barcelona, 8 de Santos de 1978.

EUSKADI

EIA, na comisión do estatuto

Vinte membros compoñen a comisión elaboradora da ponencia do Estatuto pra Euskadi, segundo a resolución aprobada pola Asamblea de Parlamentarios Bascos en Gasteiz, despois dunha longuísima reunión na que fundamentalmente se debatiu o tema da representatividade de Euskadiko Eskerra e o da participación dos estraparlamentarios na devandita Comisión.

Con esta resolución a ponencia quedará composta por cinco membros do PNV, 5 do PSOE, 3 de UCD, 2 Euskadiko Eskerra, 1 de AP, outro de ESEI, un independente e finalmente, dous estraparlamentarios.

A designación dos dous membros de Euskadiko Eskerra realizouse logo dunha longa discusión, cando as propostas de Bandrés e Iturrioz, que sustitúe a Letamendia, non coincidiron. Iturrioz, membro de EMK, partido moi distanciado actualmente dos seus antiguos compañeiros de coalicion, propuxo un posto pra cada un dos duos e Bandrés, que anunciou que EIA rexistrara o nome de Euskadiko Eskerra como asociación legal, dixo que a coalición estaba rota e que EMK cambeara de liña cara posturas testimoniais, ademias de que cuantitativamente non era representativa. Neste senso, propuxo a sua persoa e a de Mario Onaindia prá comisión redactora. A pesares das protestas de Iturrioz, a Asamblea de Parlamentarios decidiu intervir no asunto, e, logo dunha votación, pronunciouse por 28 votos contra dun a prol da alternativa de EIA.

Esto créalle un problema a EMK porque queda tamén ao marxen dos outros dous postos destinados aos estraparlamentarios e que deberán ser designados por eles mesmos o día 24.

Faltan por pronunciarse agora a nutrida serie de siglas que compoñen a esquerda estraparlamentaria basca e que agrupa a correntes diversas de moi difícil confluencia, xa que van dende o PC hastra os componentes de KAS.

As discusións desenroláronse, por outra banda, nun clima de gran tensión agudizada pola noticia do atentado de Basauri, no que morreron dous policías armados e varios máis resultaron feridos. En relación a ese atentado, a Asamblea de Parlamentarios elaborou un comunicado con duas versións, unha, a maioritaria, que facia alusión somente aos mortos de Basauri e outra, a de Bandrés, que lamentaba tanto os mortos de Basauri coma os de Arrasate (1).

Bandrés

O ATENTADO

Con respecto ao atentado, presumiblemente obra de ETA (militar), pode decirse que se produciu momentos antes de que membros da Policía Armada foran xogar un partido de fútbol na parte de detras do cuartel, xusto cando estaban formados. Nese intre, de tres autos parados na autopista abriron intenso fogo de metralleta e CETME, —recolléronse máis de 130 cartuchos—, producindo a morte de dous armadas e feridas a 13 deles, estando dous en moi grave estado. Os autos desapareceron axiña e numerosos continxentes de policía saíron á rua en estado de gran tensión e nerviosismo pra tratar de prender aos culpables.

O derradeiro luns basco foi un deses días en que todas e cada unha das forzas políticas que se moven no País Basco se deixaron sentir.

(1) Mondragón.

ESPAÑA

O golpe de man

Dous días antes da concentración ultradereitista na Plaza de Oriente de Madrid, saltou á opinión pública a noticia dun frustado golpe militar de idéntica tendencia. Tratábase dun intento de asalto ao Palacio da Moncloa —onde o Goberno, encabezado por Suárez, se iba reunir o 17 do presente—, pra derribar o Gabinete e sustituilo por outro «de unidad nacional» que merecese a confianza dos golpistas.

A información que se filtrou é escasa e encol dela esisten opinións diversas. En medios militares, a intentona califícase de «descabellada» ou ben «proyecto de cuatro locos». Os sectores civiles, pola sua banda tomaron o asunto en serio. Nos accesos do Palacio da Moncloa montáronse fortes barreiras e controles. A convocada reunión do Goberno non tivo lugar e o vicepresidente primeiro e Ministro da Defensa, Teniente xeral Gutiérrez Mellado, volveu en helicóptero a Madrid con toda urxencia dende Murcia, onde se atopaba, suspendendo o seu programa de visitas a diversas rexións militares.

A data do vernes, 17 de Santos, planeárase coidadosamente. Viña de encetarse o viaxe dos Reis de España a América Latina e estaban ausentes de Madrid os altos xefes militares: o Ministro de Defensa, os xefes de Estado Maior dos tres exércitos, asi como os xefes das brigadas paracaídistas, motorizada e acorazada, que asistían en Ceuta e As Canarias a un curso pra ascenso a Tenientes Xerais

E ademáis, apenas dous días máis tarde, tería lugar na Plaza de Oriente a concentración no terceiro cabodano da morte de Franco. A ócasión era perfecta pra presentarlles as forzas dereitistas alí reunidas os resultados do golpe: un Goberno de «unidad nacional» que secundase aos intereses dos golpistas. Nembargantes, xa xoves, 16, chegaron a conocemento do Goberno os própositos de asalto á Moncloa. Ao parecer, foron os servicios de información da Guardia Civil quen fixeron chegar as primeiras informacións, de xeito que na mesma tarde de xoves se produciron as primeiras detencións. Un dos presuntos inspiradores fixérase notar en actuacións concretas. Asi, o Teniente Coronel da Guardia Civil, Antonio Tejero, significárase en Euskadi pola sua forte oposición á legalización da Ikurriña, e trasladado posteriormente a Málaga, foi arrestado nesta cidade por disolver unha manifestación autorizada. Outro dos participantes no golpe, cuia identidade é conocida, chámase Instrilla e é capitán da Policía Armada con destino á Academia do corpo. Non se facilitaron máis nomes, pro non se agacha, nembargantes, que por moi limitado que fose o alcance da intentona por tras dela tén que haber outras persoas.

PAISES CATALANS

Tempo de política

A política no Estado Español anda tan revolta, tan mal, tan podre, como o tempo en Catalunya. Sí, coma o tempo. Resulta que temos un anticiclón enriba, é decir altas presións, coma na política do Estado Español.

Pro as semellanzas entre tempo e política non rematan eiquí. Non. Hai mais. Consecuencia das altas presións, non chove, e a consecuencia delo, a «sequía» é preocupante xa. Igual sequía hai na fonte democrática «das Españas», porque os que se tiñan que tirar do caldeiro pra sacala, están facendo números pra sacar máis diputados nas prósimas eleccións (?) ainda que saquen os mesmos votos. Do que se esquencen os políticos é de que, como pasa co tempo en Catalunya, coa falla de choiva a contaminación sube, deica o punto en poñer en peligro a saúde pública xa que a concentración de cianuro na auga do Llobregat, que abastece a Barcelona, está chegando a estremos que fan aconsellable non inxerir a auga da billa. Ou polo menos asi o recomenda o Goberno civil pra os biberóns dos cativos.

Tamén pasa o mesmo con certos poderes fácticos, incrustados en diversas institucións do poder, que están emperrados en contaminar a nacente criatura democrática. E podemos dar fe de que o conquerirán se non son depurados. Igualiño, igualiño ca coa auga de Catalunya. Total, que co anticiclón (altas presións) enriba, tanto na política como no clima, o futuro está escuro. E non é de estranar, porque coas altas presións, as néboas son abundantes en Catalunya, chegando hastra a provocar accidentes en cadea na autopista B-30. O derradeiro costou unha vida. Vaia, igualiño, igualiño, ca na política do Estado español.

(A. N. T.)

Manifestación do «Comité Catalán contra da Constitución» en Barcelona.

Pro ademáis do tempo está de actualidade a política en Catalunya. O Estatut e un centro no que conflúen as actividades que culminaron neste fin de semana coa reunión dos organismos superiores dos principais partidos cataláns: PSUC, PSC e Convergencia Democrática de Catalunya; e debátense principalmente polo título 5º do Estatut, polo que se regulan as eleccións ao primeiro Parlamento catalán. Disputan un sistema de circunscripcións, que, si **comarcas**, que se **veguerías** (rexións) que se non hai que primar a dereita...

Total, que non se enteran do tempo que fai en Catalunya nin da política do Estado español. Ou polo menos paréceo, ¿non?.

UNECO SELO DISCOGRAFICO QUE PULA POLA CONSERVACION DA NOSA MUSICA POPULAR

«BULE, BERRA, CHORA»
X. M. CONDE

xeira

MERQUE DISCOS xeira

LIBRERIA DO NENO
PAPELERIA

TLF. 450042 AS PONTES

¿A QUEN SIRVEN AS SECTAS?

■ J.J. NAVARRO-LLATZER MOIX

Domingo pola mañá morreron asesinados no estado centroamericano de Guayana un membro do Congreso dos Estados Unidos e tres periodistas norteamericanos por un fanático pertencente a unha secta relixiosa. Ao cabo dunhas horas, e co medo de ser apresados, 400 membros dista secta quitáronse a vida e varios milleiros máis poden facelo aínda nos prósimos días. Iste suceso puxo outravolta no primeiro plano da actualidade o tema das sociedades relixiosas, máis ou menos fraudulentas, que teñen grande auxe nalgúns países.

Concretamente, o montaxe relixioso que desencadeou istos sucesos é a secta «Templo do Pobo» fundada en 1969 por un antigo funcionario do estado de California, chamado Johns Jones, ao amparo da onda de misticismo que sacudiu á sociedade norteamericana do remate dos anos sesenta.

Travolta, membro destacado da «Eirexa Cienciolóxica»

Jones conqueriu millares de adeptos, e unha considerable fortuna personal co seu «Templo do Pobo», pro en 1974, algunos exmembros da secta acusárono a il e aos seus lugartenientes de torturas e castigos corporais a quen desexaba abandonar o grupo.

Foi daquela cando Jones e dous mil dos seus fideles adeptos se trasladaron a unha nova poboación que leva o seu nome —Jones Town— no medio da selva de Guayana, ex-colonia holandesa, ao norde do continente latinoamericano. Pro a murmuración sequiu e moi recentemente houbo indicios, máis que fundados, de que algúns mozos, habitantes da cidade de Guayana eran retenidos nela pola forza. Pra comprobar a certeza de tales rumores, o congresista norteamericano Leo Ryan, trasladouse a Guayana cun grupo de periodistas, dous diplomáticos e varios pais de mozos da secta. Cando xa se dispoñían a voltar aos Estados Unidos, un membro de «Templo do Pobo» disparou contra deles, matando ao congresista e a tres periodistas.

Pouco despois, e mentras as forzas de seguridade de Guayana chegaban ao lugar dos feitos, 400 membros da secta quitáronse a vida. As autoridades norteamericanas temen que —debido ao inmenso fanatismo dista secta— poidan suicidarse tamén moitos dos vinte mil afiliados a ela que hai nos Estados Unidos.

SECTAS DE ALIENACION

Estos sucesos volveron poñer sobre do tapete, tanto de Europa como dos Estados Unidos, a problemática das sectas relixiosas utilizadas como instrumentos do poder, medios de alienación ou sinxelo negocio por parte dos seus fundadores.

No remate dos anos 60, a secuela do movemento hippy e a propia crisis de ideais, xunto co esceso de «benestar» e a falla de coherencia ideolóxica no sistema capitalistas imperante, deu lugar nos Estados Unidos e na Europa Occidental a unha avalancha de «novos mesías», de «profetas da meditación» ou inventores de novos métodos pra ceibar a mente, que lle prometían á mocedade occidental todo o que o neocapitalismo non lles podía dar.

Xeralmente, todos estes movementos nacían no entorno de personaxes, máis ou menos oportunistas e con escasos escrúpulos, que vían no espellismo de dar ideais a unha sociedade que non os tiña un medio pra se enriquecer como calqueira outro.

Outras veces, a formación destes grupos era obra de verdadeiros fanáticos, que vían neles un medio de ter poder ou influencia sobre doutras persoas.

Por último, algunhas destas sectas naceron financiadas con diñeiro da CIA e doutros organismos dependentes do Estado Norteamericano, co fin de imbuirlle á mocedade ideas reaccionarias recobertas de certa capa de misticismo.

A proliferación destas sectas era, ademais, beneficiosa pra o sistema dende o intre en que sustituía, por fanatismos totalmente afastados da realidade, a alternativa de convivencia que plantexaran os hippys, a contracultura máis virulenta, e a militancia política que tiña desenrolado a oposición á guerra do Vietnam.

Como exemplos destas sectas, nas suas diferentes vertentes, podemos citar ao grupo de guru Mahara Chi, un santón hindú que se fixo multimillonario despois de inculcarlle a milleiros de mozos europeos e norteamericanos a necesidade de levar unha vida austera e contemplativa (previo pago de sustanciosas cuotas).

Outro exemplo —e na línea de ponte de poder— é a «Eirexa Cienciolóxica», fundada hai vinte anos, que lles inculca nos seus membros a necesidade de escalar o máis alto posible na pirámide social co fin de acumular poder e influencia que algún día poidan ser útiles prá secta. Este grupo tén abondantes concomitancias clasistas e fascistas. Un membro moi destacado da «Eirexa Cienciolóxica» é o conocido actor John Travolta.

Por último, caibe mencionar á secta «Moon», moi espallada nos Estados Unidos e Europa, fundada por un coreano, cuia doctrina se basea maiormente na defensa do sistema imperante no occidente e na loita contra do comunismo. Recentemente descubriuse que a secta «Moon» recibía abondantes donativos de empresas e grupos financieiros moi ligados aos organismos do estado norteamericano.

A CIA non é estrana á financiación de certas sectas



RESISTENCIA MARROQUI A NEGOCIAR SOBRE DO SAHARA

X. A. GACIÑO

Unha actividade negociadora estase movendo arredor do Sahara por parte das potencias occidentais intresadas en arranxar o asunto, pra que o seu «envenenamento» non poña en peligro os seus intreses económicos. Estados Unidos apoia agora decididamente os intentos franceses de atopar unha saida negociada, que pasaria pola creación dun «mini-estado» saharaui, pra o que o novo réxime de Mauritania está disposto a ceder o territorio que hoxe está baixo do seu control. A remolque da ideia de Francia, e tamén como consecuencia dos seus desexos de abrir as suas posibilidades de intercambeos comerciais con Arxelia, España parece tamén decidida a colaborar nese arranxo negociado, pra o cal deu xa os primeiros pasos, coa apertura de contactos entre o partido gubernamental UCD e o Frente Polisario.

Tanto Arxelia como a República Arabe Saharaui Democrática déixanlles facer a todos éstes, na medida na que concesións dese tipo poden reforzar a situación dos saharauis e consolidar as suas posicións, cara á liberación total do seu territorio nacional.

Quen non parece disposto a transixir é Marrocos, que, coa esistencia dese «mini-estado» saharaui, vería raxadas as suas intencións espansionistas, que, como xa teño comentado nalgunha ocasión, non se limitan ao Sahara, senón que teñen como obxetivo final á propia Mauritania. Por outra parte, Marrocos é consciente de que ese «mini-estado» saharaui se convertiría decontado na base de operacións das guerrilas saharauis contra do exército marroquí, que ocupa hoxe o resto do territorio do Sahara. A grave crisis económica —coas inevitables repercusións políticas— pola que pasa o país marroquí non contribúe a presentar a ocupación do Sahara, diante das masas populares, como un ésito, e forzan ao goberno do monarca alauita a multiplicar os seus enemigos esteriores, nun intento de desviar a atención da opinión pública respecto dos problemas internos. Nese senso, medran as tentacións dun enfrentamento armado coa veciña Arxelia, a quen o goberno marroquí quer facer responsable de todas as suas desgracias e a quen considera o gran beneficiado —polas suas grandes posibilidades económicas de xogar cos intreses das grandes potencias— da nova situación que se está a crear no Sahara.

Estados Unidos —que moveu primeiro a Marrocos a lanzarse á sua aventura no Sahara, pero que agora advirte o fracaso de tal acción— está a forzalo a aceptar a nova fase negociadora do conflicto. Pra elo, utiliza o seu principal recurso nestes casos: o suministro de armas. Hassan II, no seu viaxe recén a Washington, topou coa condición de que as armas que Estados Unidos podería seguir vendéndolle non podería utilizalas no Sahara, o que equivale a facelas inútiles. A postura de Hassan II, polo de agora, é a de non transixir, pero caibe dubidar da capacidade marroquí pra resistir a esas condicións, si Francia —tradicional «protector» da monarquía alauita— comparte as ideias norteamericanas e a Unión Soviética, pesie a non ter reparos en chegar a acordos comerciais con Rabat, é un claro aliado de Arxelia. Cáibelle a Marrocos o recurso desesperado de provocar —como xa tentou coas acusacións de que tropas arxelinas invadiran o seu territorio a fins do mes de setembro pasado— ao seu veciño, pra complicar as cousas cun enfrentamento armado. Naquela ocasión, Arxelia actuou con prudencia pra manter aberta, a toda costa, a vía de negociación, pero non pode saberse o que ocurriría si Marrocos tenta un ataque frontal.

Por suposto, queda aberta a posibilidade de que a situación interna marroquí chegue a un grado tal de deterioro que provoquen cambeos no sistema dictatorial co que hoxe se rexe. Aínda que todas as forzas políticas —dende o nacionalista Istiqlal aos comunistas— reivindiquen o Sahara como marroquí, é evidente que non todas teñen o mesmo nivel de intransixencia e que sería posible atopar políticos máis dispostos a chegar a acordos.

VIOLENCIA NOS CAMPOS DE FUTBOL

O árbitro, víctima propiciatoria

A violencia nos campos de fútbol do Estado español vai a máis; unha semá tras doutra, os periódicos fanse eco de agresións sofridas por colexiados, xa de parte de xogadores ou de espectadores. Abraiante. E inda por riba, as Federacións de Fútbol é ben raro que tomen medidas a xeito pra combater estes feitos; adoita pagalos o equipo modesto, que non tén defensor nas «alturas» federativas.

A un árbitro, polo que seña, pódenlle zoupar os xogadores ou lapidar os aficionados de calquer equipo. E un home indefenso por completo, que por riba de todo, as máis das veces, tén de cobrir o seu parte na casa, pois senón, esponse a que o linchen os enrabexados directivos (non todos, dende logo, que no fútbol aínda quedan persoas); doutras veces, tén de facer todo o que poida pra que gane o equipo da casa, quitando goles da «manga» e anulándollos aos contrarios, que se cadra están a facer máis méritos que os propietarios do campo. En fin, que todo esto redáctano nunha engádega á Federación, e ésta o que fai é suspender por algúns partidos (non moitos) aos xogadores que lle petaron; sanción económica ao equipo da casa por botar cousas os seus espectadores ao campo, e en todo caso, advertencia de que, de reincidir, se lle clausurará o campo.

Claro que, de chegar a este estremo, o que se lle meten dous ou tres partidos de suspensión pra non poder xogar no propio campo.

Como podemos observar, pra ser árbitro hai que estar algo «pasado» ou así, pois, pensándoo en frío, é como pra mandar o fútbol a minchas.

Pero os aficionados, aínda así, vanse animando. Uns porque o teñen por «hobby», e os outros, porque as poucas pesetas que quitan por dirixir un partido supóñenlles unha axuda económica pra poderen ir tirando e darlle de comer á «tropa».

Pero seguindo co tema da violencia, se nos campos de categoría estatal, que xogan equipos de primeira, segunda e terceira división, acontecen estas cousas, ¿qué non pasará nos de aficionados? E precisamente nestas categorías que os colexiados reciben as meirandes malleiras, de parte

de xentes que somente van ao campo pra verlle ganar ao equipo da sua localidade. ¿Que cómo? Eso non importa. E si non é así, o árbitro leva todas as de perder, empézase por insultos dos fortes, lembrándolle os devanceiros, e o que veña.

Os comités de competición teñen de coller cartas no asunto, e ser máis severos á hora de aplicarlle as sancións a xogadores e directivos destes clubs, sobre se todo os xuveniles, porque é ben desagradable ver como uns rapaces de pouco máis de catorce anos lle acenan con malos modos ao «trencilla», erguéndolles a man inda ben veces e deixándolla cair encima algunha que outra. Se a estes rapaces se lles deixa facer esto, qué non farán desque medren... Claro que, as máis das veces, non son eles conscientes do que fan; guíanse polos aficionados e hastra polos propios directivos do seu club, que os adoutrinan na lei do «pau», obrigándoos, na práctica, a que nunha entrada lle rompan unha perna ao xogador contrario ou lle metan un lapote ao árbitro.

Coidamos que, nestes casos, proba dos as máis das veces, os organismos federativos deberan suspender a perpetuidade a estes señores pra que os máis se vaian poñendo a tono e pensen outro pouco as suas decisións antes de levalas ao cabo.

Claro que tampouco os árbitros son todos uns. Hainos que provocan aos espectadores e aos propios xogadores, e que, se vostedes queren, cáseque andan á busca da «propina», pero temos que pensar que eles están soios nun campo de xogo, rodeados de espectadores, e que, somente por ese feito, xa se convirten en víctimas propiciatorias.

Esperamos que os equipos señan máis deportivos e remita a violencia. Os clubs teñen outros medios máis diplomáticos pra denunciaren ao Colexio de Arbitros ou á Federación cando algún colexiado non anda fino. E eu penso que se todos os clubs estiveran unidos e actuaran con deportividade, estes casos non se darían.

ANXO

O CASTRO E SARGADELOS SON CENTROS QUE MANUFACTURAN CERAMICA CON TERRAS GALEGAS E CON IDEAS DO NOSO TEMPO. MAIS TAMEN COLABORANDO CO LABORATORIO DE FORMAS DE GALICIA E O SEMINARIO DE ESTUDIOS CERAMICOS IMPULSAN E ESPALLAN POLO MUNDO O ARTE E O COÑECEMENTO DE GALICIA AO TRAVESO DO MUSEO CARLOS MASIDE E EDICIOS DO CASTRO

TRANSFORMACION DOS MONTES EN PRADEIRAS

1. Clima, chan e vexetación

ELOI VILLADA LEGASPI



Esisten na actualidade en Galicia arredor dun millón de Has. de terreo censadas como monte baixo ou arbustivo e pasteiros dexenerados, de mala calidade, que son aproveitables prá sua transformación en pastos unha boa parte dos mesmos, por non falar da sua totalidade. Esta superficie supón algo máis da terceira parte do chan galego, e estamos despreciando nestes montes un inmenso potencial económico, pensado en que poden soster arredor dunha vaca por Ha., que falando en números grosos representa, aparte dese millón de vacas, arredor de 800 mil becerros e 3.000 millóns de litros de leite, ceba de gando de carne en pastos, etc.

Non é, logo, nada estrano que amplos sectores sociais esteñan hoxe interesados na polémica que hai plantexada encol destas terras, actualmente nas mans privadas, de labregos ou de comunidades rurais, pro en peligro de cambear de propietarios efectivos. Os montes de Galicia son a chave da Reforma Agraria. Pro esisten fortes grupos financieros interesados en facerse con eles pra realizar inversións rentables que lles permitan o control da gandeiría bovina, quedando a posibilidade dunha Reforma Agraria Galega, de chegar a ocurrir esto, definitivamente bloqueada.

Prá transformación dos montes en pradeiras compre ter en conta o clima, o chan e a vexetación, pra determinar as labouras a realizar e o tipo de pradeira a implantar.

O **clima** de Galicia xeralmente é favorable ao crecemento das pradeiras, se ben esisten grandes diferencias dunhas comarcas a outras asegún señan costeiras ou interiores, de maior ou menor altitude..., chegando a darse grandes deficiencias hídricas no vran na meirande parte de Galicia, o que provoca algúns anos unha parada total da vexetación; aínda no millor dos casos, a estacionalidade é moi acusada, e no inverno a medra da herba somente é apreciable nas comarcas costeiras.

Do **Chan** compre ter en conta a fertilidade e a presencia ou ausencia de certos elementos nutritivos que poden ser factores limitantes pra un bon establecemento da pradeira e unha posterior producción regular. No noso país, os chans son xeralmente probes en fósforo, calcio e magnesio, e normalmente provistos de potasio, datos que compre ter sempre presentes e utilizalos á hora de facer unha transformación.

A topografía, aparte da influencia sobor do microclima da pradeira (esposicións aos ventos do norde, soleada ou sombriza), posiblita ou impide a utilización de determinados tipos de maquinaria a empregar na transformación. En terras costentas, difícilmente se poden empregar certos tipos de maquinaria que revolvan ou renoven o chan, máis que nada debido á inestabilidade e aos posibles efectos erosivos.

Tamén hai que evitar o escesiva humedade no chan, xa que provocaría a acidificación do mesmo e o lavado e arrastre dunha parte dos fertilizantes aportados, así como o problema fundamental, que sería a asfisia radicular das caste máis productivas, dexenerando a pradeira cara asociacións vexetais menos productivas ou improductivas de todo, coma xunqueiras, etc. A solución ao esceso de auga está na creación de redes de drenaxe subterráneas, ou xancias abertas que boten a auga fora da parcela.

Xeralmente, os chans máis ricos son os que teñen o seu orixe na descomposición dos esquistos (lousa) de arxila, xa que as partículas que as forman (testura) son finas e reteñen millor a humedade e os elementos nutritivos. Pola contra, os chans que proceden da descomposición de rocas graníticas son xeralmente máis lixeiros, máis secos, máis lavados, e xa que logo, menos fértiles. Precisan de abonados máis cativos, pro máis a cotío.

A **Vexetación** dos montes galegos está diferenciada asegún diversas asociacións de especies, que eiquí imos reducir a duas por ser as máis abondantes e significativas.

Asociacións de leguminosas, fundamentalmente o toxo (ulex europeus e ules manus), a xesta (cytissus), carqueixos, piornos, etc.

As uceiras ou brezais atópanse —contra os anteriores— en chans máis probes (máis acedos e con menos espesor) sendo as especies máis abondantes a Calluna Vulgaris, Erica e sp. e Daboecia cantábrica (queiroga), ésta xeralmente en asociacións con toxo mouro ou pateño (ulex manus) en terras de fertilidade media e baixa e en proceso de podsolización.

De cara aos traballos a realizar pra transformar os montes nos que domine algunha das asociacións devanditas podemos diferenciar dous métodos de actuación: a transformación con laboreo, total ou parcial, e a transformación sin laboreo, con gando, con queima ou con herbicidas.

———————

PROSIMA SEMANA:

2. Transformación mediante o laboreo.

da terra asoballada

ALCOHOLICOS

Diante do número dan elevado de alcohólicos que hai hoxendía entre a mocedade, reflesionei un pouco e cheguei á siguiente conclusión:

O alcoholismo é unha doenza provocada polo consumo da única droga legal que certos estados permiten, protexen e promocionan pra defender intereses económicos, aniquilando física e culturalmente ó pobo gobernado. Collamos un dato de orientación: ós indios Araucanos, os máis loitadores e combativos, regalábanlle alcohol pra destruílos física e culturalmente.

A sociedade de consumo, polos seus intereses, fixo do alcohol una costume social, na cal estamos inmersos; poñamos uns exemplos: vimos a unha casa, dannos alcohol, a unha festa, alcohol, etc...; en xeral, si queres alternar, coio hai un medio: o chiquiteo ou as cafaterías; se algún de nos non bebe, hasta os nosos compañeiros nos ven como algo raro ou enfermos, cando en realidade é todo o contrario, e o coller crennos unha borrachera vese como algo ético.

Non en van as casas de bebidas alcohólicas e todo o alcohol importado esta libre de impostos, gastando millóns de pesetas en anuncios pra destruir a personalidade, tales como «Soberano es cosa de hombres» «Guerra a la vulgaridad» «Demos paso a la juventud»... etc., e pra que non se salve ninguén, o criminal anuncio de «quina da unas ganas de comer», obtendo con esto unha intosicación masiva prós nenos nenos, non nos esquezamos que os viños doces superan os dazasete grados.

¿Qué bebidas afectan máis?, en primeiro término, todas as tales como as «cuba-libres», «gintonic», etc., tendo en conta que a cafeína da coca-cola estimula as neuronas (nervios do cerebro) e o alcohol deprímeas. Un bebedor porde beber moitas de esas mestureas e non presentar síntomas de borrachera, mais producense efectos internos.

Con este artículo non pretendo crear unha cara puritana, pois nada tén delo; pretendo que ninguén, en especial a mocedade nos deixemos levar polar sociedade de consumo, pois eu entendo que o alcohol é un asesinato premeditado onde normalmente se castiga e repudia á víctima (o borracho), deixando ceibe ó culpable (polo tanto a burguesía).

Saúdavos moi atentamente unah lectora deste xornal, co cal estou completamente dacordo.

MARIA XOSE BLANCO

P. D.: Desearía editase esta crítica no seu xornal, e por carecer dunhos estudios en galego, corrixan todas as faltas, esperando non causar demasiadas molestias, agradézolle de novo a sua axuda, e doulle ánimos pra que continúen adiante, a pesar da crisis económica.

Errendai-Euskadi.

TRABALLAR EN CADEA TRABALLAR ENCADEADOS

Carta á Directora de «A NOSA TERRA»:

Pintoresco e aldraxante é o caso ao que me quero referir, dirixindome a un semanario amigo dos traballadores.

O asunto recollino dunha referencia aparecida na prensa, encol dunha das manifestacións do Sr. Director do Centro de Hixiene e Seguridade no Traballo da Provincia de Pontevedra, nunha charla organizada pola Cámara de Comercio de Vigo, dentro do ciclo titulado «Relaciones humanas en la empresa». Casualmente (?), noutra conferencia participaría un dirixente de CC.OO., supoño que, dado o ambiente e o tema xenérico, pra abordala custión dende o punto de vista dos traballadores, ou seña, como lles gustaría ser «humanamente» esplotados.

Pero ao que iba, reproduzo:

«El paisano gallego, soporta relativamente bien el trabajo en cadena, porque éste es un País donde llueve mucho y la gente admite la fatalidad de estar haciendo siempre lo mismo, están resignados a muchas cosas y pueden soportar las horas de la cadena mejor que otros».

Pois xa saben os traballadores de «Citroen», por exemplo, que si os ritmos son, digamos «axitados», é debido a que neste País chove moito, ou ¿non será que mexan por nós e hai que decir que chove? Claro que trabucarse nesto é igual que facelo entre traballar en cadea ou traballar «encadeados». Agora ben, esta confusión pódese manter mentras haxa «resignación e fatalidade», pero xa dixo a poetisa que desto non se come, e cando esto pasa treme a demagoxia.

¡Ai, Sr. científico! ¡cómo se ve que vive a anos luz das nosas clases populares, ou é que non sabe que no campo se traballa de sol a sol aunque caia auga, pois sempre é máis soportable que cando cain cuotas empresariales e outros trabucos. Así dúrase pouco.

XMSP

ESPLOTACION DA MULLER TRABALLADORA

Señora directora de A NOSA TERRA:

Margarita Ledo, recurrimos a ti e ó teu periódico porque non sabemos outra cousa que facer. Estamos seguras de que, polo que ti es, e polo que o teu periódico é (portavoce da clase obreira e dos seus males) terás a ben publicar unha man sen que nós soframos ca que unhas compañeiras i eu elaboramos. Os demáis periódicos galegos (portavoces e meros postes repetidores da ideoloxía dominante) non coidamos que ousen publicar a seguinte carta, cousa que sí esperamos obter de tí:

Somos traballadoras de TELEMAR (comercios de Baiona propiedade de J. L. Pazo Eloy e de J. Pazo Eloy) e nin estamos aseguradas nin cobramos o salario mínimo. De nove que somos, somente tres están aseguradas, mais non cobran o que lles pertece. As demáis non recibimos a fins de mes máis de catro mil pesetiñas. Diante disto nós prequntámonos ¿onde andan os inspectores de traballo? ¿esisten acaso? ¿haberá algún sindicato que nos poda botar unha man sen que nos soframos perxuicio ningún?

O único que queremos é cobrar o salario mínimo i estar aseguradás como temos dereito. Somos traballadoras como quen máis e soio pedimos cobrar como o que menos ¿é moito pedir?

Tendo en conta que pensamos que esta carta será pubricada, dámosche as gracias anticipadamente; e a ver se alguén fai algo por nos, esquecidas de todos e asoballadas polo patrón.

Atentamente.

AS TRABALLADORAS DE TELEMAR

A ARTE E OS XEITOS

FELIPE SENEN

AS LENDAS E A OBRA DA TORRE DE HERCULES

No «Libro das Invasións», manuscrito irlandés do ano 1160, recóllese as cinco conquistas que sofríu a terra de Irlanda. Distas liortas xa se sabía tres séculos denantes, pois a tradición estaba aínda viva, e frades irlandeses ocuparonse de deixala escrita niste «Libro das Invasións».

Na quinta invasión dise que Ith, fillo de Breogán, xefe dos Milesios, nunha clara noite de inverno, subiu deica o alto da torre da cidade da Brigantia, a posible Coruña... escomenzou a esculcar cara ao horizonte, hastra que alá, nas lonxanías, avistou unha terra: Irlanda. Baixou depresa e díxolle aos seus o que vira. Seu irmán Brego non lle daba creto ningún e decía que o que il albiscara fora unha nube e non terra, percuraba Brego que se lle fora da testa aquela teima. Mais Ith colleu a sua barca e aos seus compañeiros e botouse a navegar cara ao horizonte... Velahí como Ith chegou a Irlanda, onde os Tuatha de Danann recibírono de boa gana... máis o cabo do tempo escomenzaron a desconfiar de que o estranxeiro quixera facerse dono daquela terra, e decideron matar a Ith. Os Milesios, ao enterarse da morte do fillo de Breogán, entraron en carraxe e determinaron chegar deica Irlanda pra acabar cos asesinos de Ith... Así foi como se conqueriu Irlanda e como se rematou cos Danán, asegún di a lenda escrita.

Isto mesmo no romanticismo, mitade do século XIX, deu pé a que os poetas precursores, como Pondal, estribillaran os seus versos e viran a Galicia como unha «Nación Celta» dos nobres e valentes fillos de Breogán». Así naceu a celtofilia, un anceio esaxerado de atopar o noso pasado nos Celtas, cando non todo era Celta. O mesmo Murguía, niste senso, crea escola, baseándose no celtismo encétase unha fase de estudio da nosa Historia, trátase de atopar a identidade galega, asoballada e aletargada nas lendas e nunha arqueoloxía onde todo era «celta».

Algo semellante facían os cataláns ao buscar as suas fontes, non no Atlántico, como facíamos nós, senon no Mediterráneo, no Mundo grego e romano. Así, probablemente, naceron as historias das nacións.

Ao mesmo Faro da Coruña chamaráselle de dous xeitos: os celtistas «Torre de Breogán», os clasicistas, universalistas, «Torre de Hércules». Pois baseándose na outra lenda que decía que fora o héroe grego Hércules quen vencera ao nativo xigante, o atlante Xerión e que sobor do seu túmulo edificara unha torre...

Todos eran decires, lonxe dos verdadeiros estudios serios e científicos encol diste faro. A sua investigación escomenzouna no ano 1685 P. Flórez, e seguiuna o ilustrado Cornide no seu libro publicado no 1792 «Investigaciones sobre la fundación y fábrica de la Torre llamada de Hércules». Dempois poucos traballiños se fixeron máis; derradeiramente foi o alemán S. Hutter o que fixo un amplo e gráfico estudo «Sobre o faro romano da Coruña», publicado en alemán no ano 1973.



No 1785, reinando Carlos III, restaura o arquitecto Giannini o vello faro, dándolle unha nova traza. A banda do esterior que suliña os pisos vén a remarcar a antiga rampa inclinada pola que seica subían as bestas pra fornecer o lume do faro. Así, poderíase argumentar o xeito de construcción romano, do que somentes quedan paramentos do interior, pois dende o século X a vella estructura escoménzase a esmorear, e nos séculos XV e XVI desfaise e hastra se aproveita como canteira pra outras edificacións.

Conocemos referencias e dïbuxos de antigos faros romanos como o de Alexandría, que se ergueou no 280 e que serviu de modelo pra moitas edificacións semellantes. Tamén a torre de Dover, en Inglaterra, era un antergo faro de estructura octogonal, distinto ao da Coruña.

Darlle unha data non é sinxelo, anque os teóricos propoñen antre os séculos II e III, no maior auxe da colonización román. No caseto da beira da Torre atópase unha pena coa inscripción que di o nome do arquitecto: C. Servius Lupus, natural de Aeminium (Coimbra), posiblemente, que se adica ao deus Marte a sua obra; denriba habería unha escultura do tal divinidade, pois aínda se olla o remarque prao seu encaixe.

Polos cronistas, xeógrafos da antiguedade, Dión Casio, Ptolomeo, Orosio, sabemos da chegada de César a Galicia, á cidade de Brigantia, a do «Magnus portus Artabrorum» que os mesmos historiadores indentifican coa do «farum Brigantium», posiblemente a comarca da Coruña ou de Bergantiños que sería o mesmo.

Posteriormente ao dominio e colonización dos romanos, as rutas do ouro, do estaño, do cobre, do chumbo, coas que se pagaban as débedas do Imperio, quedan sinalizadas con faros como é noso da Torre de Hércules; así, Roma tiña garantizado o seu poder económico.

andando a terra

M. HORTAS VILANOVA

OS MAGOSTOS, SAN MARTIÑO E O OUTONO

Polo que semella, volta renacer o costume de facer magostos. Polo menos nestas terras do Val de Lemos. Este ano varios rapaces novos, amigos do que escribe, convidáronme a asistir ós seus magostos. Cecáis este ano, debido ó bon tempo, sexa unha esceción. O bó tempo anima a sair ó campo e a facer magostos. Supoño que este ano en Ourense capital, que é onde máis arraigada está a festa dos magostos, o espectáculo dos magostos sería fermosísimo. O magosto non é soio comer castañas asadas. E tamén probar o viño novo. E falar cos amigos. Beber un chisco de máis. E cantar a coro.

No san Martiño é o tempo de facer os magostos. Moitas parroquias galegas teñen por patrón a San Martiño dende épocas moi antigas. Cóntase que unha reliquia de San Martiño de Tours curou ó fillo de Rechiario, un rei suevo de Galicia e que librou ó reino dunha peste. A vista de tal prodixio os suevos galegos convertíronse de vez ó cristianismo. Outro San Martiño —San Martiño Dumiense— foi o apóstol da Galicia sueva. O Dumio está perto do Porto. O Dumiense, que era oriental, foi ós galegos suevos o que San Patricio foi prós irlandeses. Nos seus escritos recolleu moitos costumes, tradicións e superticióǹs que viñan de moi vello e que chegaron case ós nosos días. Ou sin case. En Ourense estaba moi afincado o culto a San Martiño. Non sei si este culto tén algunha relación cos magostos. Poidera telo.

O caso é que este ano en Galicia o Outono —gusto de escribir este nome con maiúscula— foi fermoso e demorado. Hai moitos anos que non lembramos un Outono tan espléndido, cumprido e xeneroso. Este ano o Outono foi madurando vagariño, retardando a caída da folla deica que estivera ben prateada e ben dourada. As choivas foron mainas. E non houbo ventaladas. O mesmo sol empeñouse en lucir día tras día, vestindo ó mundo dun resprandor dourando e desvaído. Este ano ollamos paisaxes outonales nas ribeiras do Miño e do Sil, en terras de Ourense, do Incio e de Quiroga. En Lugo. E non poidemos chegar deica a Terra Chá, cuia paisaxe nos chama cada día máis e coa que cada vez nos sentimos máis identificados. En todos os sitios o Outono se nos mostrou máis logrado que nùnca e cun colorido estraordinariamente rico. Un podería citar a algunhos pintores, escritores e poetas. Somentes vou citar a un galego: D. Ramón Otero Pedraio, cuia Prosa é o Outono máis rematado que xurdeu no país.

Un comenzou falando dos magostos. O tema escorregouse como esa raiola de sol, incendiada de ouro, que agarima o toro das brancas abiduerias, ese anaco de neve que se fixo madeira. Nestas tardes de Outono quedas, moles, melancónicas, douradas que recenden a mem brillo un pouco acedo e a maza camoesa, o fume das fogueiras dos magostos, pérdese no ar, fleve e delgado como un salouco. Un salouco de fraga que se desnuda pra recibir ó inverno coas suas choivas, as suas xeadas, as suas neves... ese fume das fogueiras dos magostos que era como o que xurdía das chimeneas dos fogares, cando se usaban as lareiras, denantes do gas butano.

Este Outono foi maravilloso pra percorrer Galicia. No meu vagabundeo polo país deprendín e comprobei que o marelo das follas das vides era distinto en Velle, en Os Peares, en Amandi e na Cova. As augas do Sil en Quiroga eran verdosas. As augas do Miño en Lugo, ó seu paso pola Tolda, eran dun estrano e delicadísimo azul. E a aldea de Pacios do Rio, rodeada de choupos, semellaba envolta por unha nube de ouro tal o tríptico barroco de San Martiño Pinario de Santiago de Compostela. E velahí voltamos de novo a tropezar co San Martiño.

MUSICA

MONTEVERDI. O NASCEMENTO DA OPERA MODERNA

A estructura primitiva da ópera, baseábase no modelo do madrigal, sendo un recitativo cun acompañamento instrumental de termadura; máis tarde, introducíronse as «arias» pra lucimento dos cantantes. Nembargantes, a dimensión dramática que hoxe tén a ópera aportouna Claudio Monteverdi (1567-1643), primeiro nun ensaio xenial «Il Ritorno d' Ulisse in Patria» (1641) e logo, definitivamente, con «L'Incoronazione di Poppea» (1642). Os vinte anos de silencio operístico do mestre cremonense terían como froito unha ópera na que os personaxes eran homes e non deuses e na que os homes se comportan como tales, reflexándose a sua personalidade ao traverso do estilo de canto. Séneca, o baixo, é o filósofo pedante e pretencioso que reflexa a sua pedantería en frases concisas, emitidas dun xeito valdeiro, sin enfeites. Popea, é a muller ambiciosa que tenta ser a emperatriz, e cos seus encantos gánase a Nerón; a parte vocal é a máis rica e enfeitada, reflexando as mudanzas rápidas de ánimo, sempre ao servicio das suas intencións. Nerón é o emperador sin personalidade que pronuncia na sua vida pública todas as frases dun xeito autoritario, pro que en privado se amosa indeciso e débil; a frase «volate ad ubbidirmi» (correde a obedeceime) do acto III, escea cuarta, é unha xenial definición da sua personalidade que tenta buscar no poder a forza interior que lle falla. Octavia, «víctima» teórica, é unha persoa cruel que pode chegar deica a inducción ao asesinato pra non perder a sua posición; esta personalidade revélase nas suas duas arias «Disprezzata Regina» e «A Dio Roma», así como a estraordinaria escea onde forza a Otón a matar a Popea, durante a que muda da súplica a esixencia. Otón, é un baldroas, incapaz de reaccionar, e interprátao unha contralto con intervencións sempre probes. En contraposición coa artificiosidade dos protagonistas, os criados cantan papeles máis sinxelos, baseados en temas populares. Monteverdi consigue maxistralmente un reflexo da sociedade barroca ao traverso dun argumento distante no tempo e, o que é máis importante, conquire unha caracterización dramática dos personaxes ao traverso das partes asignadas. Diste xeito, abriulles as portas aos operistas modernos e a teoría da integración drama-música.

Hai catro anos, o musicólogo Nikolaus Harnoncourt abraíbanos cunha versión de «L'Incoronazione di Poppea», que tentaba reconstruir o xeito de facer do primeiro barroco. O álbum (Telefunken HD 6.35247-1 / 5) é hoxe un clásico da discografía e o seu montaxe escénico foi a atracción do Festival de Viena diste ano. Despois de ouvir a Harnoncourt, é difícil non remitir a él ao escoitar outras versións. A presente, debida a Walter Goehr, obtivo no seu día, hai quince anos, o «Gran Prix du Disque» da Academia Charles Cros. E unha versión de concerto, que reduce a duración á cuarta parte, na que se suprimiron esceas moi belidas e esenciais, como a erótica escea X do acto I, ou a tensa escea IX do acto II. A versión parte de presupostos hoxe discutibles, pro dunha tremenda coherencia interna. Os cantantes amosan certa contaminación da impostación académica, pro consiguen convencer, especialmente María Helbling no papel de Octavia, ou Franx Kelch no de Séneca; menos convencente é o labor de Friedrich Brückner-Rüggeberg como Nerón, papel moi difícil pensado pra un sopranista e con complexidade pra un tenor das características deste. Os demais cantantes están ben, sin destacar especialmente ningún deles.

A grabación e prensado están bastante ben, escoitándose moi ben a harpa e demais baixos cifrados. A presentación é probe, con comentarios insuficientes e unha portada un tanto «demodée». O disco ven sin testos, o que dificulta seguir a obra; pola miña banda, teño feita unha traducción ao noso idioma dos fragmentos grabados no disco; si alguén tén intrés, que escriba a A NOSA TERRA e mandarei unhas fotocopias.

CLAUDIO MONTEVERDI

Claudio Monteverdi. «L'Incoronazione di Poppea»
Orquesta e Còro «Tonhalle» de Zurich
Solistas
Dirección: Walter Goehr
CONCERT HALL-Movieplay. 17.1220 / 3
Interpretación: 7.5
Grabación: 8
Intrés da obra: 10

XOAN M. CARREIRA

LIBROS

COME E BEBE QUE O BARCO É DO AMO

A editorial Akal vén de publicar o número 30 da sua colección **Arealonga,** adicada á cultura galega. Trátase dunha novela da que é autor Alfredo Conde (1). Conde deuse a conocer nos eidos da nosa cultura co libro de poemas **Mencer de lúas** (1968). Algúns anos máis tarde, apareceu o seu libro de contos **Mementos de vivos** (1974) e a comezos do presente ano, **Contubernio catro do Tomé S.,** a sua primeira novela. Esta nova novela, segundo reza a contraportada, «pode ser un intento de plasmación da realidade dunha loita sin horizontes: a do galeguismo valeirado de todo contido político-ideolóxico...» Pero hai que suliñar que se trata dun intento frustrado porque, ao noso xuicio, somente se chega a un mínimo esbozo do tema a través da historia duns personaxes francamente delineados. Isto, contado nunha técnica nada novedosa, faría que a novela fose unha máis da nosa literatura, mais non podemos esquecer a presentación.

Entendemos que o problema fundamental co que se enfrenta hoxe o noso idioma é o da normalización a todos os niveles e que, por tanto, compre rexeitar os intentos dalgunhas publicacións periódicas de derivar o problema ao terreo da normativización pra dar pé a comentarios, por parte dos debles mentais partidarios da lingua única, de que non hai unidade. Mais tamén cremos que os anos gloriosos en que o simple feito de que se manifestar en galego supuña un compromiso pertencen á historia e que actualmente tanto escritores como editoriais teñen a grande responsabilidade de presentar obras dignas de ser lidas. Unha obra literaria non é algo que teña a imperiosa necesidade de sair nunha data determinada, como acontece cun xornal ou unha revista, e por tanto, non se lle poden disculpar os erros de presentación. Unha colección como **Arealonga** que, ideoloxías ao marxe, viña cumplindo unha función dentro da cultura galega, non pode permitirse o luxo de publicar libros nas condicións en que saiu éste de que estamos a falar, pois non fan máis que fomentar o confusionismo. Sospeitamos que, aínda co espreso desexo de sementar os caos, sería case imposible facer un uso do acento como o que temos aquí (humida, sintactica, boveda, numerosa, cadrís / cadris, millos / semós, profesionáis / liberais...) Non ten xustificación nen isto nen as incongruencias na asimilación (adorado santo, metela man, todallas... / chamar a atención, ollar o sinal, todas as...), na formación de plurais (verticás, profesionáis, pinales, vogaes, ou razóns / razós, millóns / millós...), na solución de sufixos (posibles, posibres, imposíbel), ou no uso de formas dobres dunha mesma palabra (tranquia / tranquila, hoxe / oxe, abandonado / abandoado, carretera / carreteira...) Se a isto lle engadimos o abuso no emprego de falsos galeguismos (outos, membrillo, sanidaria, impodencia, cana de cervexa, brilo, sagrificio, verbas, ren, intre, cuberteiría, romeiria, parescia...), unha constante guerra por eliminar o —**n**— e o —**l**— intervocálicos (oficiña, clandestiñas, esquiña, pleas, desfiar, abandoada, triango...), unha extraña gheada (algen, ningen, fagia, segir, gedellas...), algúns compostos con **haber** (habíalle caído, habíao dito...) así como unha nefasta colocación do pronome átono (que voume, ningen viume entrar, de onde sacárao, cando alóngaa...) e outras miudezas, podemos tirar a conclusión de que é moi pouco o que de positivo nos presenta esta obra.

A. Conde, **Come e bebe que o barco é do amo,** Akal editor, Madrid 1978. 173 páxs. 250 ptas.

XOSE MARIA DOBARRO

axenda

ACTOS

Silencios e conversas de inverno, de Cesáreo Sánchez Iglesias. Presentación no «Colegio Maior Loyola», Ciudad Universitaria, Madrid (Metro Cuatro Caminos), coa presencia do autor, sábado 25 ás 7 da tarde durante a celebración dunha queimada animada por un grupo de gaiteiros.

Contestos coloniais e loita lingüística. O exemplo de Puerto Rico. Conferencia de Pilar Vázques Cuesta, profesora da Universidade de Salamanca, dentro do «Curso sobor da Problemática das linguas sin normalizar; situación do galego e alternativas» do Instituto Sociopedagóxico Galego. O 25 de santos ás 11,30 da mañá na Facultade de Económicas de Santiago.

CINE

Adiós al macho de Marco Ferreri. Gran Premio especial do Xurado de Cannes. 1978. Con Gérard Depardieu, James Coco, Marcello Mastroianni e Geraldine Fitzgerald. Cines «París» e «Rex» da Coruña.

MUSICA

As nove sinfonías de Beethoven. Orquesta Filarmónica de Berlín. Cantores de Viena. Anna Tomowa; Sintow; Agnes Baltsa; Peter Schreier e Joseph Van Dam. Director, Herbert von Karajan. Polydor-Deutsche Grammophon 2740172 (8 lps). Precio oferta, 3.600 ptas. Interpretación, 4; Grabación e presentación, 9,5. Interés do album, nulo.

Voltarei pra Galicia. La Familia. Nevada ND-5027.

Despegando. Enrique Morente acompañado por Pepe «Habichuela».

RADIO

RNE 2.º Programa FM. Día 27 ás 18,35h., «CUARTETO N.º 17», de Hector Villa-Lobos. Cuarteto de RTVE. Día 27, ás 20,30h., «O RETORNO DE ULISES» e «CONCERTO PRA CONTRABAIXO» de Skalkottas.

RNE 3.º Programa FM. Día 25, ás 19,30h., «LOA», de Francisco Estévez. L. Eschmann e conxunto de cámara dirixidos por José M.ª Franco Gil. (Obra do concurso de composición das «Cajas de Ahorros Confederadas», 1977).

ARTE

Alfonso Sucasas: Esposición na Galería Sargadelos de Santiago aberta deica o 16 de nadal.

A gran figura de Xelmirez

A historia a través dos tempos sempre está vivente; con ela as xeneracións van pasando unhas tras outras deixando escrito en páxinas gloriosas as figuras máis immortais brilando cal estrelas no ceo da inmortalidade. Por centos se contan ao correr dos séculos grandes xenios nas letras coma nas artes, o mesmo guerreiros, sabios e santos que foron ademiración de todos os tempos.

Santiago de Compostela, este gran museo monumental de granito nascido baixo a historia de sinalados acontecementos, tén escrito nas suas pedras un agarimo, unha lembranza de loitas e ditos que se gardan coma a millor xoia en páxinas deleitosas. Dende a aparición do sepulcro do Apóstol no bosco Libredón no ano 257, por todos os camiños do mundo milleiros de peregrís na sua romaxe xacobea foron o orixen da fundación da humildiña eirexa e da cidade. En Iria Flavia era por aquelas tempos onde estaba o bispado. O bispo don Dalmacio solicitou do papa Urbano II o traslado da silla pra Compostela o 5 de nadal do 1095 ante a amenaza dos traidores Vikingos e normandos

Despois de outros feitos imposibles de relatar por razóns de espacio, chegamos ao bispo don Diego Pelaez que foi o primeiro que deu comenzo á construcción da catedral en tempos do emperador Alfonso VI. Máis tarde aparceu a insigne figura do primeiro arcebispo don Diego Xelmirez. coma ún dos acontecementos máis esenciais,

que, coa raiña doña Urraca de Castela foron a alma da eirexa románica como tamén do pobo. O papa Calixto II, irmán de Ramón de Borgoña ademiraba a Xelmírez, o mesmo ca doña Urraca, polo seu xenio, talento e sabencia, así que canto Xelmírez lle pedía pra ben do templo Señor Sant-lago todo se lledaba por ben feito.

Proba é que chegou no seu tempo a facer cousas moi boas, como foron o traslado da eirexa de Mérida pra Santiago (século XII), o privilexio da porta santa, ao mesmo que bon número de igrexas e mosteiros desfeitos por Almanzor.

Xelmírez traballou sin acougo polo culto ao Apóstol Santiago e seguiu con grandes desexos a construcción da Catedral que dera comenzo o seu antecesor, polo que Alfonso VI deulle a orden de acuñar moeda a tal fin.

Polo seu talento, de coengo chegou a ser o primeiro arcebispo famoso da historia compostelán. No seu tempo tivo moito progreso a cultura, tanto as artes coma as letras. A catedral durante o seu mandato gozou de moita magnitude, chegando a ter 72 coengos que vestían ricas capas de seda con Pedras preciosas. Tivo os seus contratempos; coma o levantamento do pobo en contra dil, que se adiviñou, foi por contraguer matrimonio doña Urraca de segundas nupcias co rei Alfonso o «Batallador». Despois de estas revoltas volta a calma, o pobo con xeito e xúbilo recibe ao fillo de doña Urraca, Alfonso VII, que foi coroado por Xelmírez con moita pompa diante do altar do apóstol o 17 de setembro do ano 111, cando somente contaba catro anos de edade. Pasado que foi o tempo polos movementos políticos de aqueles anos, de novo a cidade levantouse. sendo sitiados Xelmírez e a raiña nunha das torres da catedral, poñéndolle lume as xentes que facían revolta en contra deles. Según conta a historia, o arcebispo saiu disfrazado entre o xentío por un dos tellados da Basílica (1140) namentras a raiña era apedreada e arrastrada polas rúas. E do noso gran Xelmírez xamais se puido saber, fundíndose coma unha sombra... Pena dá pensar que o pobo, que apraude e festexa, cando se vira vólvese coma unha fera en todos os tempos! Así lle pasou a Xelmírez, a este groríoso persoaxe que fora ademirado por reises, príncipes e sabios, e mesmo polos humildes.

ANTONIO PRADO DIAZ

CRUCIGRAMA

DARIO XOHAN CABANA



HORIZONTAIS: 1.—Sin ondas. De mala calidade, probe. Fai ruido o abellón. 2.—Ao revés, pesa. Vai. 3.—Espanta. Consonante. Aposta. 4.—Vocales. Ao revés, xogo da baraxa. Vocales. 5.—Consonantes. Sacar leite mañosamente. De boa calidade. 6.—Conxunción. Lindeiros. Cen. 7.—Ao revés, batracio. Asperos, ao revés. Interxección empregada pra espantar ás galiñas. 8.—Vocales. Medida de capacidade desconocida. Estado Español. 9.—Xato. Consonante. Interxección, ao revés. 10.—Golpe, ao revés. Lumia probe. 11.—Ao revés, onomatopeia do gato. Ovella nova. Santo.

VERTICAIS: 1.—Axencia de espionaxe. Millo. Animal de varias coores parecido a chinche. 2.—Ansiar. Recuar, ao revés. 3.—Bótase pra detrás. Cen. Ao revés, saco o leite. 4.—Vocales. Contración. Letras de «cor». 5.—Consonante repetida. Que xunta con gran facilidade. Apócope de «está». 6.—Un. Aves de carroña. Consonante. 7.—Contración. Arruga. Negación. Contracción. Nome de varón. Contracción. Pés planos. Consonante. Ao revés, situado. 10.—Ao revés, borracho. Conxelarase a auga. 11.—Ao revés, nova. Baleiro Mal home, figurado.

SOLUCIONS AO CRUCIGRAMA DO NUMERO 38:

HORIZONTAIS: 1.—FAGO. SAMO. 2.—ROTO. NAMAIS. 3.—A. ADENTAS. U. 4.—SERAN. ATADA 5.—ALLADA. 6.—OLAS. S. 7.—EU. AMENDOAS. 8.—LOUSA. AIA. 9.—BB. XUNTAR. 10.—RODAR SEI. 11.—ESE. BEIRA.

ANUNCIOS DE BALDE

Cará o argallamento dunha semá cultural, desexamos poñernos en contacto con quen nos puidera deixar películas encol da emigración galega, ou de outros problemas que hoxe está a sufrir a nosa Patria. Dirixirse a **Fato cultural galego «Saudade». Centro Cívico Trintxerpe. Edificio «Trintxer». Trintxerpe. Pasajes de San Pedro. Guipúzkoa.**

Búscase colección completa de «A Voz do Pobo» e «Terra e Tempo» pra facer estudio encol do marxismo en Galicia. **Apdo. 12 Pontevedra.**

Búscase piano antiguo, coor caoba en boas condicións de uso. **Apdo. 12 de Pontevedra. Télf. 858538.**

CARTAS

ALÚMINA

Son lector habitual da NOSA TERRA que chega puntaulmente a Madrid todas as semás. Anque non estou suscrito, merco case todos os números mais, por desgracia, non conservo os exemplares atrasados non meu poder.

Eu estou a estudiar na Escola de Inxenieros de Camiños, no carto ano, e co comenzo do curso propuxéronsenos uns cantos traballos pra realizar no ano. Un destes, o que eu escollín, e o complexo de S. Ciprián, co debatido problema da Alúmina e outros moitos.

Preténdese co traballo profundar os problemas ecolóxicos, ambientais e estéticos do complexo, o que me pareceu dun gran interés, e máis tendo en conta que xa estaba enterado da problemática polos moitos artículos que sobre o tema tén publicados A NOS ATERRA. Interésame o tema por ser un dos mais grandes e craros asoballamentos cometidos nos derradeiros anos no noso país galego, o que xa ben merece o meu estudio.

Anque hei de facer un ou dous viaxes a o complexo durante o ano pra porme en contacto coas persoas do lugar e tamén coas instalacións, interésame ir tendo unha idea previa do mesmo. E por iso que me atrevo a pedirlle, se fora posible, me mandase os números vellos da NOSA TERRA cos artículos encol do complexo de S. Ciprián. E, se tamén fora posible, calqueira outra información que teñan sobre o tema: publicacións, dossiers, etc.

Agradézolle as molest as anticipadamente:

MANUEL HERRERA ALVAREZ
Madrid-3

«OUTRA BANDEIRA DO ESPAÑOLISMO»

Sra. Directora de «A Nosa Terra».

Desexaría publicara a presente carta no periódico que vostede dirixe.

Nestes días o sismógrafo rexistrou un verdadeiro balbordo. localizado nos círculos pechos, dese culturalismo serodio do noso País. Escoitamolo na radio, léimolo nos periódicos e cómo non vímolo no «Panorama».

Trátase da súplica do mencionado sector (sectario), ante a ademistración colonial prá restauración da casa do periodista Julio Camba, nacido en Vilagarcía de Arousa aló polo derradeiro terzo do século pasado.

Pero ¿Quén é este Sr? Pra que non esistan equívocos sobor da colaboración simultánea con Castelao, no diario «El Sol» de Madrid, diremos que a súa atitude anticlerical e anticaciquil, situase dentro das correntes burguesas e liberais españolas, propias do intelectual colonizado da época.

Baste transcribir un par de fragmentos do seu libro «La rana viajera», nos que alude ao noso idioma e carácter nacional, ollar como os trata e sacar conclusións.

«(...) Los labradores que se expresan en gallego no usan un idioma distinto de los industriales que lo hacen en castellano; usan el mismo idioma, pero con un léxico limitado y primitivo. En realidad no hablan el gallego sinó que mal hablan el castellano. (...) No creo que haya un idioma gallego distinto del castellano. Lo que sí creo es que se podía inventar(...)».

«(...) Con un millón de pesetas yo me comprometo a hacer rápidamente una nación en el mismo Getafe, a dos pasos de Madrid. Me voy allí y observo si hay más hombres rubios que hombres morenos, o si hay más hombres morenos que hombres rubios, y si en la mayoría, rubia o morena predominan los braquicéfalos sobre los dolococéfalos, o al contrario. Es indudable que algún tipo antropólogico tendrá preponderancia en Getafe y este tipo sería el fundamento de la futura nacionalidad (...)».

Como se ve, non é máis irónico que merecente de calquer folklórico homenaxe. Velahí a talla do personeiro e dos seus valedores contemporáneos.

HECTOR DAPONTE

RESIDUOS RADIACTIVOS E SERES VIVOS

RAMON VARELA DIAZ

Antes de entrar no análisis do que representan os verquidos de resíduos nucleares a 300 millas das nosas costas, convén conocer someramente qué son os resíduos nucleares e cales son os seus orixes.

Os resíduos radiactivos son refugallos das centrales nucleares, que quedan despois da utilización do Uranio como «combustible»; están formados por sustancias e elementos químicos que emiten partículas enerxéticas que dañan o corpo de todos os seres vivos, e hai tres tipos diferentes deles asegún a enerxía que ceiben:

a) Resíduos de alto nivel: son sólidos ou líquidos que están considerados como as sustancias refugadas radioactivas máis peligrosas de todas; por ista razón compre telos lonxe de todo tipo de vida. Os líquidos concéntranse fervéndoos pra o seu posterior almacenamento xunto cos sólidos, e iste almacenamento pode ser de varias formas: pódense enterrar en capas xeolóxicas fondas, mesmo en minas de sal abandonadas en forma de cristais ou cerámica; tamén se poden depositar en bidóns herméticos no fondo do mar. Calquera distes tipos de almacenaxe, entrana moitos peligros: no primeiro caso, as augas subterráneas poden comunicarse cos resíduos radiactivos e afectar, ao sairen a terra, a amplas zonas de cultivo; o calor xenerado por istes refugallos pode chegar a fundir as paredes das minas de sal e producir pequenos terremotos locais. No segundo caso, ao almacenalos no mar, aparte de perder o seu posterior control, os efectos de corrosión, choque, microorganismos... etc., poden ceibar sustancias que os animais marinos van ir acumulando no seu corpo, e que pasarán ao home ao inxerilos, amais de traquer a morte de moitas castes da vida animal e vexetal.

b) Resíduos de nivel intermedio: Anque menos peligrosos que os resíduos de alto nivel, a sua importancia sigue sendo grande pola radiación que emiten; precísase, xa que logo, afastalos de todo contacto con calisquer forma de vida. O almacenaxe distes refugallos faise normalmente nos mesmos lugares e xunto cos anteriores.

c) Resíduos de baixo nivel: son líquidos, sólidos e gases que teñen baixa radiactividade en comparanza cos anteriores; son tan voluminosos que se ceiban nas centrales nucleares ao medio (ar, ríos ou o mar) por non poder encerralos.

Hai algúns días, enterámonos pola prensa diaria de que Inglaterra abandonou máis de 2.000 toneladas de resíduos radioactivos somente a 300 millas das costas galegas, co agravante de que iste verquido non é o único, senón un máis dos moitos que Inglaterra leva ao cabo nisa área xeográfica. Despois de que a opinión pública fose conocedora diste feito, as autoridades europeas de enerxía atómica apuráronse en quitarlle importancia a estes resíduos, aducindo que estaban formados por sustancias de baixa actividade radiactiva e que apenas representaban peligro. Si esto fose certo, Inglaterra non trataría de alonxalos das suas costas, como fai agora, pois hai anos verquía os refugallos nucleares perto do seu litoral, pero diante dos problemas de contaminación que isto supoñía e as protestas da xente, optaron por alonxalos do seu país e abandonalos xusto a 300 millas das costas galegas. Outra proba de que ista práctica representa un serio peligro, é que algúns países como Estados Unidos, teñen prohibido o abandono de resíduos no fondo do mar.

O que non queren reconocer tanto as autoridades europeas de enerxía atómica como as autoridades inglesas, é que os bidóns conteñen elementos químicos tan peligrosos co como o Estroncio-90, Radio-226, Cesio-137, actínidos e posiblemente o mortífero Plutonio 239 e 240 (respirado en concentracións de dezmillonésima de gramo produce cáncer ao momento). Todos iles van producir radioactividade durante moitos anos, e algúns como os actínidos siguen a ter importancia despois de pasados 500 anos.

Os verquidos distes resíduos nucleares frente ás nosas costas tén características moi particulares, como é a utilización de augas internacionais pra almacén de productos altamente contaminantes, almacenaxe que ademais non garda nin as máis elementais medidas de seguridade, xa que se deu o caso de que algún bidón que debería ir herméticamente pechado ao dar na auga abriuse e esparexeu por un amplo radio o seu contido radiactivo. Por outra parte, o lugar do verquido recórreno correntes mariñas (orixinarias do Golfo de México) que van arrastrar calisquer material moi amodiño deica as costas galegas.

As consecuencias que se poden derivar dista arbitraria e irracional eliminación de resíduos, anque moitas delas, señan imprevisibles, outras vanse ir deixando sentir sobre dos tecidos dos animais mariños, especialmente sensibles ás radiacións na médula ósea, na pel, nos riles, nos órganos sexuais... etc., provocando diversos tipos de cánceres (como a leucemia), defeutos xenéticos nos recén nados, morte de moitas células... etc., e isto mesmo pode acontecer no home, con doenzas irreversibles, algunhas, como as alteracións nas cromosomas das células sexuais, portadores de malformacións xenéticas que se trasmiten de xeneración en xeneración. Esto ocasiónao a inxestión de peixes contaminados, o contacto coas sustancias derramadas dos bidóns, e mesmo o achegamento das persoas a istes resíduos.

Todo o anterior virá dado diante da ollada impasible dun goberno español que, lonxe de protestar perante Inglaterra e as autoridades europeas de enerxía atómica, e hastra presionar pra que non se siga utilizando isa área xeográfica pra o verquido dos resíduos, adícase con afán a conquerir un voto positivo pra sua constitución. Polo que se fai necesario recordar niste intre que no Estado español hai tres centrales nucleares en funcionamento, catro en construcción., 5 con autorización previa (e niste caso está a central de Xove), e 12 máis en proiecto; e cada unha, aparte de provocar por sí unha grave contaminación, vai traquer tamén a producción de milleiros de toneladas de resíduos radioactivos. Son en definitiva as Centrales nucleares as que, directa e indirectamente, orixinan problemas cuia solución (?) é hipotética. Unha vez máis comprobamos na práctica o acertados que estábamos os galegos cando decíamos non á central nuclear de Xove, polas razóns económicas e biolóxicas que a desaconsellaban na nosa Terra.